



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 25 DE SETEMBRO DE 2025.

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                               |    |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PALESTINA.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | 2  |
| DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO ÁS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE EINSA PRINT.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 4  |
| DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.....                                                                                                                                                                                                                                                                                 | 5  |
| 1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 31-07-2025.....                                                                                                                                                                                                                                                                                | 5  |
| 2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2024.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | 6  |
| 3.- INSERCIÓN PUNTUAL NO INVENTARIO DA OBRA "MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA". CONVENIO 44/2012 DEPUTACIÓN DA CORUÑA. (expediente 2022/C003/000007).....                                                                                                                                                                                          | 10 |
| 4.- ASUNTOS SEN DITAMINAR: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES. PROXECTO REURBANIZACIÓN AVENIDA DE FERROL ENTRE A AVDA. DE LOMBARDEIRO E A RÍA DE ARES..... | 15 |
| 5.- MOCIÓN PSOE: INSTANDO A ACEPTACIÓN POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DA CONDONACIÓN DE DÉBEDA PROPOSTA POLO GOBERNO DE ESPAÑA.....                                                                                                                                                                                                                                                                            | 30 |
| 6.- DAR CONTA DITAME RESOLUCIÓNS CONTRARIAS REPAROS EFECTUADOS, ANOMALÍAS EN INGRESOS E OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN. CONTA XERAL 2024.....                                                                                                                                                                                                                                                                       | 34 |
| 7.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 499/2025 DE DÍA 27.08.2025 DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2026.....                                                                                                                                                                                                                                                                                | 36 |
| 9.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    | 41 |
| 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          | 43 |
| 11.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 51 |
| 11.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                  | 51 |
| 11.2.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                      | 54 |
| 11.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | 54 |
| 11.4.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       | 56 |
| REMATE DA SESIÓN.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | 57 |
| DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 | 57 |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 25 DE SETEMBRO DE 2025.

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D<sup>a</sup> María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e cinco de setembro de dous mil vinte e cinco, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria xeral e o Interventor accidental.

##### A Secretaria xeral:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### O Interventor accidental

D. José Luis Sande Vázquez

#### NON ASISTEN:

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión.

A secretaria indica que se presentan tres declaracións institucionais, dando lectura das mesmas, antes de proceder a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

#### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PALESTINA**

O brutal ataque de Israel contra a poboación palestina de Gaza suma máis de 60.000 mortos (dos que máis de 16.000 son menores), máis de 100.000 feridos e borrou da face da terra a familias enteiras, arrasado barrios residenciais, destruído infraestruturas críticas e desprazado forzosamente a 1,9 millóns de palestinos e palestinas (máis do 90% da poboación da Franxa de Gaza), causando unha catástrofe humanitaria sen precedentes. Son cifras arrepiantes,





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

inaceptables, que vulneran calquera noción básica do principio de humanidade e que violan os fundamentos básicos do dereito internacional e do dereito internacional humanitario.

De maneira sistemática e a gran escala, o goberno israelí está bombardeando e disparando sobre a poboación civil, ademais de privarlles da necesaria auga e alimentos para a subsistencia. O emprego da fame como arma de guerra, a destrución sistemática de hospitais, escolas e centros humanitarios, así como o asasinato de 330 traballadores e traballadoras da ONU e de máis de 200 xornalistas constitúen violacións flagrantes do Dereito Internacional Humanitario.

En pleno agravamento da operación militar contra a poboación de Gaza hai que sumar a aparición da fame negra, que xa provocou a morte de máis de 300 persoas, incluíndo máis de 120 nenos e nenas. A Organización Mundial da Saúde (OMS) calculou que case dous millóns de menores están en situación de inseguridade alimentaria severa e 345.000 nunha fase catastrófica, con 12.000 en malnutrición severa mentres Israel bloquea na fronteira a axuda humanitaria, sinalando que, mesmo con axuda a curto prazo, as secuelas na saúde dunha xeración de palestinos e palestinas serán permanentes.

O goberno de Israel segue cometendo ataques implacables impunemente que causan a perda incesante de vidas civís palestinas mentres a catástrofe humanitaria en Gaza segue empeorando, polo que os concellos, como administracións máis próximas á cidadanía, non poden permanecer indiferentes. A defensa da dignidade humana, o respecto ao Dereito Internacional, ao Dereito Internacional Humanitario e a solidariedade con quen sofre son principios que forman parte dos valores democráticos das nosas institucións.

Por todo isto o pleno do Concello de Ponte deume acorda demandar o seguinte:

1. Reiterar a absoluta condena ao xenocidio e á ocupación ilegal de Israel en Gaza e Cisjordania, defendendo as resolucións das Nacións Unidas e que o goberno israelí deixe inmediatamente de cometer actos prohibidos na Convención sobre o Xenocidio contra a poboación palestina de Gaza.
2. Que o goberno de Israel poña fin ao bloqueo humanitario imposto a Gaza, garantindo, baixo a coordinación de Nacións Unidas, o acceso completo e sen restricións da poboación de Gaza á asistencia humanitaria en base aos principios de imparcialidade, independencia e neutralidade e poñan fin á ocupación israelí de Gaza, poñendo en práctica a opinión consultiva da Corte Internacional de Xustiza de xullo de 2024 que declaraba ilegal a ocupación por Israel de Gaza e de Cisjordania, incluída Xerusalén Oriental.
3. Esixir ao Goberno de Israel activamente un cese do fogo inmediato e sostido encamiñado a protexer a vida da poboación civil en Gaza e se garantan as vías seguras para a entrada de axuda humanitaria na Franxa de Gaza. Así como que se liberen inmediatamente aos civís israelís e estranxeiros retidos como reféns, e Israel libere ás persoas palestinas detidas arbitrariamente.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4. Que a Unión Europea desenvolva urxentemente a iniciativa política e diplomática necesaria en favor dos dereitos humanos, a xustiza e a rendición de contas, para que se garanta o respecto aos Convenios de Xenebra que esixen, como mínimo, que todos os Estados suspendan as transferencias de armas ás partes no conflito, cooperen para garantir a rendición de contas por violacións do dereito internacional e apoien as institucións e mecanismos internacionais, incluídas as investigacións da Corte Penal Internacional e da Comisión de Investigación da ONU sobre o Territorio Palestino Ocupado.

5. Que a Unión Europea se opoña frontalmente a calquera intento de establecer unha presenza militar israelí permanente en Gaza, de modificar as súas fronteiras ou de deportar á poboación palestina de Gaza ou Cisjordania, e recoñeza que este traslado forzoso é unha grave infracción do Cuarto Convenio de Xenebra e constitúe un crime de guerra.

6. Dar traslado do presente acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, aos voceiros dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, ao Parlamento Europeo, á Embaixada do Estado de Palestina en España e á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP).

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO ÁS TRABALLADORAS E TRABALLADORES DE EINSA PRINT.**

Nos plenos de xuño e xullo, a Corporación Municipal de Pontedeume aprobou dúas declaracións institucionais en apoio das traballadoras e traballadores de EINSA PRINT.

Nestes acordos incluíase, entre outras cuestións, un chamamento á empresa para que retirase o novo ERE e respectase os compromisos previamente asinados, como o de non executar novos despedimentos, nin aplicar medidas traumáticas até decembro de 2026.

Porén, a empresa anunciou o cese definitivo da súa actividade no sector das Artes Gráficas no Polígono de Penapurreira, nas Pontes, o que supón o despedimento duns 100 traballadores e traballadoras, moitos deles veciños e veciñas de Pontedeume. Segundo denuncia o propio persoal, detrás desta decisión podería haber intereses especulativos vinculados aos terreos adquiridos a baixo prezo e ás naves construídas con importantes axudas públicas.

A dirección negouse a atender as reivindicacións laborais e a continuar a negociación coa representación sindical, insistindo en aboar as indemnizacións en dous prazos. Esta proposta foi rexeitada por falta de garantías económicas e por entenderse que a empresa pretendía financiar o seu cambio de actividade cos cartos das indemnizacións. O ERE foi, finalmente, impugnado e atópase á espera de resolución xudicial.

Polo anteriormente exposto, todos os Grupos da Corporación Municipal do Concello de Pontedeume, **ACORDAN:**

1. Mostrar, unha vez máis, o apoio unánime da Corporación Municipal ás traballadoras e traballadores de EINSA PRINT.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Manifestar o rexeitamento do Concello de Pontedeume ao proceder da dirección da empresa en todo este proceso, non atendendo as reivindicacións laborais dos traballadores e traballadoras, negándose a continuar as negociacións coa representación sindical

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

O Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Pontedeume foi aprobado en sesión plenaria o 31 de marzo de 2003.

A pesares das pequenas modificacións puntuais realizadas ao longo dos últimos anos, tendo en conta o tempo transcorrido dende a súa redacción orixinal, compre a súa actualización para que esta incorpore maiores alternativas dentro do que é o recoñecemento das distincións que pode conceder este concello, ou entre outras, da revogación de títulos xa concedidos; logo dun procedemento de tramitación rigoroso, pero á súa vez máis áxil que o actual.

Por todo o exposto, os Grupos da Corporación Municipal de Pontedeume, solicitan dese traslado á Secretaría Xeral deste Concello, para que inicie o procedemento para a modificación do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Pontedeume.

A continuación, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

#### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 31-07-2025.**

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Expediente TEdC: 2025/G006/000229

Recibida polas persoas membro do Pleno do Concello, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA DE 31.07.2025** (borrador asinado o día 19.09.2025)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA DE 31.07.2025** (borrador asinado o día 19.09.2025)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro".

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE OITO VOTOS A FAVOR (8)**; dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup>. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)**, do concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE (1) D. Joshua Dopico López, e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), D<sup>a</sup> Rocío Pena Pena, por non estar presentes na sesión cuxo borrador se somete a consideración; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

**SESIÓN ORDINARIA DE 31.07.2025** (borrador asinado o día 19.09.2025)

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

### 2.- CONTA XERAL EXERCICIO 2024.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA

#### CONTA XERAL DO EXERCIZO 2023

Expediente TEdC: 2025/T017/000001

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 26/06/2025 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercicio 2024 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**1. BALANCE DE SITUACIÓN:** 29.010.502,50 euros (activo e pasivo)

**2. RESULTADO ORZAMENTARIO:**

|                                                                           |                     |
|---------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| <b>DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS</b>                                         |                     |
| <b>a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras</b>             | <b>9.031.292,78</b> |
| a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)     | 8.637.512,34        |
| a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII) | 393.780,44          |
| <b>b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros</b>              | <b>4.335,98</b>     |
| <b>c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros</b>              | <b>0</b>            |
| <b>Total dereitos recoñecidos</b>                                         | <b>9.035.628,76</b> |
|                                                                           |                     |
| <b>a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras</b>              | <b>8.647.831,78</b> |
| a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)     | 7.775.910,54        |
| a.2. Obrigas recoñecidas netas por operacións de capital (Cap. VI e VII)  | 871.921,24          |
| <b>b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros</b>               | <b>9.742,10</b>     |
| <b>c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros</b>               | <b>31.446,71</b>    |
| <b>Total obrigas recoñecidas</b>                                          | <b>8.689.020,59</b> |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES</b>                            | <b>346.608,17</b>   |
| <b>AXUSTES</b>                                                            |                     |
| (+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais              | 927.272,60          |
| (+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio                   | 623.611,70          |
| (-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio                   | 491.354,74          |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO</b>                                    | <b>1.406.137,73</b> |

**3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:**

|                                                       |                     |
|-------------------------------------------------------|---------------------|
| 1. Fondos líquidos                                    | 1.679.411,22        |
| 2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)   | 2.508.349,22        |
| 2.a. Do orzamento corrente                            | 1.074.202,13        |
| 2.b. De orzamentos pechado                            | 1.407.992,55        |
| 2.c. De operacións non orzamentarias                  | 26.154,54           |
| 3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)     | 1.426.949,86        |
| 3.a. Do orzamento corrente                            | 726.492,10          |
| 3.b. De orzamentos pechados                           | 413.343,24          |
| 3.c. De operacións non orzamentarias                  | 287.114,52          |
| 4. Partidas pendentes de aplicación                   | -31.389,61          |
| 4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación         | 62.335,49           |
| 4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación          | 30.945,88           |
| <b>I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</b>               | <b>2.729.420,97</b> |
| <b>II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO</b>                   | <b>713.923,78</b>   |
| <b>III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO</b>          | <b>77.930,90</b>    |
| <b>IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</b> | <b>1.937.566,29</b> |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

Como se indica no informe de Intervención de referencia 53/2025, emitido con motivo da liquidación do orzamento de 2024, resultou unha capacidade de financiamento de 1.151.358,87 euros, de acordo co seguinte:

| CONCEPTOS                                                              | IMPORTES            |
|------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| Ingresos liquidados presupuesto 2024 (capítulos 1 a 7)                 | 9.031.292,78        |
| Créditos liquidados presupuesto 2024 (capítulos 1 a 7)                 | 8.647.831,78        |
| TOTAL (a – b)                                                          | <b>383.461,00</b>   |
| AXUSTES                                                                |                     |
| 1) Axustes recadación capítulo 1                                       | 0,00                |
| 2) Axustes recadación capítulo 2                                       | 0,00                |
| 3) Axustes recadación capítulo 3                                       | 120.038,87          |
| 4) Axuste por gastos pendentes de imputar a orzamento                  | 650.211,94          |
| 5) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento | -2.352,94           |
| Total axustes                                                          | 767.897,87          |
| <b>TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO</b>                               | <b>1.151.358,87</b> |

### 5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO:

O obxectivo de regra de gasto para o exercicio 2024 era de 6.196.040,98, sendo a verificación do cumprimento o seguinte:

| Gasto computable                                                           | IMPORTES            |
|----------------------------------------------------------------------------|---------------------|
| 1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros                      | 8.645.880,62        |
| 2. Axustes SEC                                                             | -650.211,94         |
| 3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda | 7.995.668,68        |
| 4. Gasto financiado con fondos finalistas (-)                              | -1.818.200,29       |
| 5. Total Gasto computable Liquidación 2024                                 | <b>6.177.468,39</b> |

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia 127 de 7/07/2025.

Visto que durante o dito prazo, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:** Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2024, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2024 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

**SEGUNDO:** Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 15 de outubro e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica".

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE OITO VOTOS A FAVOR (8)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (6), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Piñeiro Carrera, e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D<sup>a</sup> Rocío Pena Pena, o **ACORDO seguinte:**

**PRIMEIRO:** Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2024, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2024 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

**SEGUNDO:** Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 15 de outubro e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### 3.- INSERCIÓN PUNTUAL NO INVENTARIO DA OBRA "MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA". CONVENIO 44/2012 DEPUTACIÓN DA CORUÑA. (EXPEDIENTE 2022/C003/000007)

A secretaria municipal da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de día 22.09.2025, que se transcribe a continuación:

**<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 22 DE SETEMBRO DE 2025**

**EXPDTE: 2025/G012/000016**

### 2.- INSERCIÓN PUNTUAL NO INVENTARIO DA OBRA "MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA". CONVENIO 44/2012 DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Expediente 2022/C003/000007)

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

**INSERCIÓN PUNTUAL NO INVENTARIO DA OBRA "MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DA CORUÑA". CONVENIO 44/2012 DEPUTACIÓN DA CORUÑA (Expediente: 2022/C003/000007)**

*Expediente proposta TEdC: 2025/G006/000224*

*Tendo en conta a sinatura en data 1 de xullo de 2022 do Convenio 44/2022, de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Pontedeume para o financiamento da obra "Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da avenida da Coruña" no que na cláusula VI establece que será necesaria a incorporación do ben ao inventario de bens da entidade en cuxos asentos se faga constar que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante o prazo de cinco anos.*

*Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria do 25.10.2024 no que se acordou "Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito co concello de Pontedeume polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de recuperación e mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da avenida da Coruña, ata o 30 de xuño de 2025 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."*

*Logo de ver o informe técnico asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria municipal o día 12.11.2021 relativo á dispoñibilidade dos terreos.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o informe técnico de data 17/06/2025 coa identificación das parcelas incluídas no inventario definitivamente aprobado, e do seguinte teor literal:

|                                               |  |
|-----------------------------------------------|--|
| INFORME TÉCNICO ACTUALIZADO FICHAS INVENTARIO |  |
|-----------------------------------------------|--|

|                                               |                                                                                               |
|-----------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
| CONCELLO DE                                   | PONTEDEUME                                                                                    |
| DATA                                          | 17/05/2025                                                                                    |
| NOME E CARGO DAS PERSOAS QUE EMITEN O INFORME | DAVID ALVAREZ FERREIRO<br>(ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL)                                      |
| DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO                  | MELLORA DE PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVENIDA DE A CORUÑA |
| REF. EXPEDIENTE                               | 2021/X999/000167<br>2021/A003/000035<br>2022/C003/000007                                      |

De acordo coa petición realizada dende a secretaria do Concello o 19/05/2025, no que se pide: "Actualización das fichas do inventario do Concello pola realización das obras do expediente 2022/C003/000007", emítese informe técnico para o investimento indicado:

### INFORME TÉCNICO

(O persoal técnico detallará os terreos necesarios para a execución do investimento, podendo xuntar para estes efectos a documentación precisa)

En data 16 de decembro de 2015, se procede á aprobación do inventario de Patrimonio Municipal. En data 27 de decembro de 2018, se procede á rectificación do inventario de Patrimonio Municipal.

A certificación/medicións empregadas para a realización a proposta de modificación das fichas do inventario correspondese con nre 202599900000946 do 06-06-2025.

O rozamento final das obras ascende a 345.282,29 €:

As fichas do inventario de bens do Concello que vense afectadas polas obras:

- 1VIA0690023871 / RUA DO CAMIÑO ESTREITO de Ponte deume
- 1VIA0690023805 / AVENIDA DA CORUÑA de Ponte deume
- 1VIA0690023896 / Rua Z de Ponte deume
- 1ALP0690000023 / Iluminación pública de Ponte deume 477 puntos





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 1ABT0690008894 / Tramo de red de distribución en Pontedeume de Fibrocemento de diámetro de sección 150 mm y longitud de 418 metros

| Ficha          | Porcentaxe de afección da obra (%) | Orzamento da obra que lle afecta |
|----------------|------------------------------------|----------------------------------|
| 1VIA0690023871 | 15,00                              | 51.792,34 €                      |
| 1VIA0690023805 | 6,00                               | 20.716,94 €                      |
| 1VIA0690023896 | 40,00                              | 138.112,92 €                     |
| 1ALP0690000023 | 8,00                               | 27.622,58 €                      |
| 1ABT0690008894 | 31,00                              | 107.037,51 €                     |

Informe emitido segundo o meu leal saber e entender, salvo error ou omisión involuntaria, e salvo consideracións mellor fundadas ás que se somete a técnico que subcribe, tendo carácter exclusivamente técnico."

Logo de ver o compromiso asinado pola Alcaldía o día 30.06.2025 no que se por de manifesto: "(...) o **COMPROMISO** do Concello de Pontedeume da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de Pontedeume, mediante adopción do dito acordo de incorporación, se procede, na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello, co obxecto de dar cumprimento ao establecido na cláusula VI.2 do dito convenio. (...)".

Logo de ver o requirimento do servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña con data de rexistro de entrada no concello do 16.07.2025 (núm. 202500000001594) no que se require, entre outros: "(...) 4. Certificado do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos (...)".

Considerando a lexislación aplicable:

- Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local
- Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, del Patrimonio de las Administraciones Públicas

### PROPOÑO:

**PRIMEIRO:** Incorporar á ficha do inventario correspondente a seguinte obra de "Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña", cos seguintes datos, segundo se desprende do informes do arquitecto técnico municipal do 17/06/2025, que consta no expediente:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Ficha          | Porcentaxe de afección da obra (%) | Orzamento da obra que lle afecta |
|----------------|------------------------------------|----------------------------------|
| 1VIA0690023871 | 15,00                              | 51.792,34 €                      |
| 1VIA0690023805 | 6,00                               | 20.716,94 €                      |
| 1VIA0690023896 | 40,00                              | 138.112,92 €                     |
| 1ALP0690000023 | 8,00                               | 27.622,58 €                      |
| 1ABT0690008894 | 31,00                              | 107.037,51 €                     |

- Mellora: "Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña", coa valoración de 345.282,29 €, IVE incluída, Expdte.- 2022/C003/000007.
- Financiada con cargo á Deputación provincial da Coruña no 80 % do importe total.
- Afecta á finalidade pública durante o prazo de 5 anos.

**SEGUNDO:** Rectificar as fichas correspondentes do inventario de bens en soporte papel e en soporte informático, na aplicación informática de custodia do Inventario municipal, tendo pendente a aprobación plenaria das actualizacións e revisións dende a última aprobada e o traspaso ao sistema GPA en tramitación.

**TERCEIRO:** Proceder á inscrición do ben coa observación introducida, no Rexistro da Propiedade de Ponte deume.

**CUARTO.** Remitir copia do presente acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma".

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE CINCO VOTOS A FAVOR (5)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (4), D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D<sup>a</sup>. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López; e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro do PP; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez>>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para preguntar se a modificación consiste en incluír en cada ficha do inventario municipal afectada polas obras a mellora económica que a obra lle repercute.

Responde o **Sr. Presidente** afirmativamente.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (6 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO:** Incorporar á ficha do inventario correspondente a seguinte obra de "Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña", cos seguintes datos, segundo se desprende do informes do arquitecto técnico municipal do 17/06/2025, que consta no expediente:

| Ficha          | Porcentaxe de afección da obra (%) | Orzamento da obra que lle afecta |
|----------------|------------------------------------|----------------------------------|
| 1VIA0690023871 | 15,00                              | 51.792,34 €                      |
| 1VIA0690023805 | 6,00                               | 20.716,94 €                      |
| 1VIA0690023896 | 40,00                              | 138.112,92 €                     |
| 1ALP0690000023 | 8,00                               | 27.622,58 €                      |
| 1ABT0690008894 | 31,00                              | 107.037,51 €                     |

- Mellora: "Mellora de pavimentos e servizos no camiño estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña", coa valoración de 345.282,29 €, IVE incluída, Expdte.- 2022/C003/000007.
- Financiada con cargo á Deputación provincial da Coruña no 80 % do importe total.
- Afecta á finalidade pública durante o prazo de 5 anos.

**SEGUNDO:** Rectificar as fichas correspondentes do inventario de bens en soporte papel e en soporte informático, na aplicación informática de custodia do Inventario municipal, tendo pendente a aprobación plenaria das actualizacións e revisións dende a última aprobada e o traspaso ao sistema GPA en tramitación.

**TERCEIRO:** Proceder á inscrición do ben coa observación introducida, no Rexistro da Propiedade de Ponte deume.

**CUARTO.** Remitir copia do presente acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**4.- ASUNTOS SEN DITAMINAR: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES. PROXECTO REURBANIZACIÓN AVENIDA DE FERROL ENTRE A AVDA. DE LOMBARDEIRO E A RÍA DE ARES.**

A secretaria municipal indica que é un asunto sen ditaminar pola comisión informativa correspondente, polo que é necesario votar a urxencia da súa inclusión na orde do día.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para preguntar se a urxencia está motivada no prazo que hai para asinar o convenio tal como se indica nos informes.

Responde o **Sr. Presidente** afirmativamente, que xa querían dende a Xunta que fose asinada a semana anterior, a mesma en que nos notificaron pero non daba tempo a facer os informes nin para ir asinar esa semana nin para meter o asunto na comisión informativa.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (6 PSOE, 2 BNG e 2 PP).

Logo da votación favorable, a secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.**

Expediente TEDeC: 2025/A006/000011

### **PROPOSTA DE ACORDO**

#### **ANTECEDENTES**

- *RESOLUCIÓN do 20 de maio de 2025 pola que se acorda a inclusión de actuacións de rehabilitación e rexeneración urbana no Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, e se convoca o acceso ao dito fondo para a anualidade 2025 (código de procedemento VI438A). (DOG nº 98 de 23.05.2025)*

- *Anteprojecto para: Reurbanización da AVENIDA DE FERROL entre a Av. de Lombardero e a rúa Ría de Ares, no Concello de Ponte deume, documento con rexistro de entrada nº*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

202599900000919 de 04/06/2025, asinado dixitalmente polo arquitecto Roi García Camba (nº COAG 5173).

- Proposta de alcaldía, asinada dixitalmente o 19/06/2025.

- Informe de intervención municipal de referencia 167/2025 de 20/06/2025.

- Fichas do inventario municipal de bens no que consta a titularidade da Avda. de Ferrol cos códigos 1VIA0690044229, e 1VIA0690023807; e da Avda. de Lombardero co número 1VIA0690023808

- Decreto Nº 360/2025 de **24-06-2025 polo que se resolveu, entre outros:**

“...//...

**PRIMEIRO.** - Solicitar a axuda para actuacións de rehabilitación e rexeneración urbana no Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, e se convoca o acceso ao dito fondo para a anualidade 2025 (código de procedemento VI438A), e aceptar as condicións da mesma.

**SEGUNDO.** - Aprobar o anteproxecto de “Reurbanización da Avenida de Ferrol entre Av. de Lombardero e a rúa Ria de Ares” presentado por Roi García Camba COAG:5173, aos solos efectos de solicitude de subvención e solicitar o importe de financiación de 600.476,36€

**TERCEIRO.** - Aprobar a memoria asinada dixitalmente polo Alcalde, e declarar que o concello é titular da Avda de Ferrol cos códigos 1VIA0690044229, e 1VIA0690023807; e da Avda de Lombardero co número 1VIA0690023808

**CUARTO.-** Aprobar que o Concello comprométese a permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non ingresadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o caso de que non se reintegren as cantidades nos prazos previstos na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**QUINTO.-** Aprobar que o Concello comprométese a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo aos ingresos correntes, os importes das anualidades previstas na resolución e no posterior convenio de financiamento.

**SEXTO.-** Aprobar que o Concello comprométese a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao seu sector público.

**SÉTIMO.,** Aprobar o contido do informe de intervención de referencia 167/2025 de data 20/06/2025 que na parte que afecta á solicitude da subvención indica:

...//...”





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Requirimento de emenda da solicitude do 26.06.2025 (acusado recibo o 27/06/2025 no portal notifica.gal).

- Informe de intervención nº 182/2025 de 09/07/2025, complementario do 167/2025 de 20/06/2025.

- Decreto Nº 396/2025 de 07-11-2025 de designación de representante.

- Resolución da presidencia do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) de 29/07/2025 (acusado recibo o 05.09.2025 no portal notifica.gal), cuxo contido se transcribe, en estrato:

*"Estimar a solicitude de acceso ao Fondo de cooperación formulada polo representante do Concello de Ponte deume para a seguinte actuación e condicións de financiamento:*

*-Denominación da actuación: "Reurbanización da avenida de Ferrol".*

*-Contía que se vai dispor con cargo ao Fondo de cooperación: 600.476,36 €*

*-Prazo de reposición da cantidade: 8 anos*

*-Importe correspondente a cada anualidade:*

*-Anualidade: 2026 -Importe: 75.059,54 €*

*-Anualidade: 2027 -Importe: 75.059,54 €*

*-Anualidade: 2028 -Importe: 75.059,54 €*

*-Anualidade: 2029 -Importe: 75.059,54 €*

*-Anualidade: 2030 -Importe: 75.059,54 €*

*-Anualidade: 2031 -Importe: 75.059,54 €*

*-Anualidade: 2032 -Importe: 75.059,54 €*

*-Anualidade: 2033 -Importe: 75.059,58 €*

*A eficacia desta resolución quedará demorada á sinatura do correspondente convenio de financiamento, que terá lugar no prazo non superior a un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación desta resolución*

*Para esta sinatura, os concellos interesados, deberán acreditar o cumprimento dos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o cal se realizará mediante a presentación dunha declaración responsable ante o IGVS.*

*...//...*

*A sinatura do convenio suporá a íntegra aceptación polo concello do contido desta resolución. De non asinarse o convenio por causas imputables ao concello, este perderá o dereito ao acceso ao financiamento solicitado, que se declarará mediante a correspondente resolución.*

*...//..."*

*Logo de ver o informe xurídico do 17/09/2025*

*Tendo en conta o informe de fiscalización do expediente de 18.09.2025*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRÚÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES**, cuxo texto se transcribe como ANEXO.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de calquera documento derivado da aprobación do presente convenio.

**TERCEIRO.-**

### ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRÚÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.**

Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central s/n, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Doutra parte, o Concello de Ponte deume, con NIF P1507000F e domicilio na rúa Real, 13, 15600 Ponte deume, representado por Bernardo Fernández Piñeiro na súa condición de alcalde, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 21.1.b) e 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

### MANIFESTAN

I.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais"; "o patrimonio histórico - artístico".

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais, e de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/as propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar os expedientes iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e adecuada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2025, mediante a Resolución da presidenta do IGVS do 20 de maio de 2025 e, en virtude de resolución do director xeral do IGVS do 29 de xullo de 2025, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

### CLÁUSULAS:

#### Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: "Reurbanización da avenida de Ferrol"

Orzamento total: 600.476,36 euros

Importe do financiamento: 600.476,36 euros

Prazo de reposición: 8 anos

Segunda. Obrigas das partes

O IGVS comprométese a:

a) Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 600.476,36 euros a favor do concello asinante deste convenio.

b) Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:

a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.

b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

**Anualidade 2026:** 75.059,54 €

**Anualidade 2027:** 75.059,54 €

**Anualidade 2028:** 75.059,54 €

**Anualidade 2029:** 75.059,54 €

**Anualidade 2030:** 75.059,54 €

**Anualidade 2031:** 75.059,54 €

**Anualidade 2032:** 75.059,54 €

**Anualidade 2033:** 75.059,58 €

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

A reposición das cantidades correspondentes a cada anualidade deberá realizarse antes do último día hábil do mes de setembro de cada ano.

c) A xustificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.

d) A incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes 2026-2033, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.

e) A permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o suposto de que o concello non repuxese as cantidades acordadas dentro dos prazos fixados na resolución ou incumprise calquera outra das obrigas previstas no convenio de financiamento.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

f) A ingresar no citado número de conta a totalidade da cantidade percibida, así como os xuros legais correspondentes á disposición realizada, no suposto de resolución anticipada do convenio por incumprimento das súas obrigas.

g) A non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

### *Terceira. Disposición do importe con cargo ao Fondo de cooperación*

A disposición de cantidades con cargo ao Fondo de cooperación efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta IBAN ES55 2080 0201 9031 1000 0076.

### *Cuarta. Amortización*

O concello poderá, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

As amortizacións non poderán ser por unha contía inferior a cincuenta mil euros (50.000 €), agás que o concello queira reintegrar anticipadamente a totalidade do importe da disposición e esta fose inferior á dita cantidade.

No suposto de amortizacións parciais, deberá comunicarllo previamente ao IGVS mediante a presentación do anexo III da resolución de convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación, cunha antelación mínima de quince días naturais e máxima de sesenta días, tamén naturais, á data na que se queira facer efectiva a amortización anticipada.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela na que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades que se aboarán en cada anualidade como consecuencia da amortización.

### *Quinta. Xustificación das actuacións obxecto de financiamento*

O cumprimento por parte do concello das finalidades obxecto do financiamento deberá acreditarse ante a Dirección Xeral do IGVS mediante a presentación por vía electrónica dun certificado do órgano competente do concello acreditativo da finalización das actuacións, da adquisición do inmovible obxecto de financiamento ou, de ser o caso, da elaboración do plan especial de protección polo equipo encargado da súa redacción. O prazo para presentar estes documentos será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da data de finalización do período de execución da actuación, da adquisición do inmovible ou da entrega do plan especial de protección ao concello.

Así mesmo, o concello deberá remitir electronicamente á Dirección Xeral do IGVS, con periodicidade semestral, ata o completo remate da actuación, un informe sobre o estado de execución das obras, a adquisición do inmovible, acompañados de fotografías, ou, de ser o





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

caso, o estado de tramitación da elaboración do plan especial de protección, sen prexuízo de que o IGVS poida realizar as comprobacións que estime oportunas.

### Sexta. Obrigas e compromisos económicos

O IGVS achegará un importe de 600.476,36 euros, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025:

| Órgano administrativo/entidade     | Aplicación orzamentaria | Importe          |
|------------------------------------|-------------------------|------------------|
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 11.81.451A.821.60       | 600.476,36 euros |

### Sétima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes.

As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

- Efectuar un seguimento do grao de cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste convenio.
- Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse, por petición de calquera das partes, tantas veces se estimen oportunas para o desenvolvemento das súas tarefas.

### Oitava. Prazo de execución

O prazo de execución deste convenio comezará o día da súa sinatura e rematará na data na que se produza a efectiva reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

### Novena. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- O incumprimento de calquera das súas cláusulas.
- A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

### Décima. Datos persoais

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na súa normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira. Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, non solucionadas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

E en proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado e para un único efecto, no lugar e data indicados.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Polo Concello de Pontedeume

María Martínez Allegue

Bernardo Fernández Piñeiro

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que tiveron pouco tempo para ver o expediente, pero entenden que é un convenio que adianta os cartos que custa facer a obra para logo o concello devolvelos nun prazo de 8 anos, e pregunta polo proxecto da obra

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para indicar que é un subvención do Fondo de cooperación ca diferenza de que xa adiantan os cartos no momento da sinatura do convenio e que os hai que devolver, a interese cero, no prazo de 8 anos. Continúa dicindo que a subvención se solicitou cun proxecto básico, e que na actualidade estase a traballar xa na redacción do proxecto de execución, que se trata de mellorar os pavimentos tanto da avenida como das beirarrúas, redistribuír as zonas de aparcamento, dotar máis zonas axardinadas, retirar os puntos de luz das beirarrúas, tamén esta previsto a construción dun miradoiro a altura do pavillón municipal e logo se renovarán os servizos non renovados na última parte da avenida. Indica que é unha obra moi completa, que esta é a primeira fase que chega ata a ría de Ares.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta o **Sr. Curbeira** se no parque, o proxecto, contempla algunha obra e que prazos hai para o desenvolvemento da obra.

Responde o **Sr. Presidente** que esta previsto que en breve, se fagan unhas actuacións sobre ese miradoiro; tales como cambiar os banco e pintar os muros. En relación ao prazo de desenvolvemento hai que asinar o convenio, esperar ao proxecto final, logo comprobar se están todas as autorizacións sectoriais e logo hai que sacar a licitacións.

Pregunta **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP** para preguntar se o estado final da obra vai ser como o que o goberno publicou no seu día.

Responde o **Sr. Presidente** que hai que redefinir pequenos detalles pero nun principio si será o aspecto indicado; a zona de aparcamento vai con pavicésped, as beirarrúas en lastra de aspecto pétreo que recorda ao granito, a zona de rodadura vai con aglomerado pulido, e instalaranse algunhas especies arbóreas de porte baixo.

Pregunta **dona Montserrat Pico Rodeiro concelleira do grupo municipal do PP**, como se vai rematar a avenida no seu encontro coa zona que xa é de ADIF.

Responde o **Sr. Presidente**, que o proxecto da segunda fase, só chegará ata o plataforma de carga de ADIF, que a partir desa zona xa todo é deles; e aproveita para dicir que esta semana enviaron outra carta a patrimonio ADIF porque houbo un desprendemento de parte do tellado e aproveitaron para recordarlles a mala situación na que se atopa toda esa zona. Indica que a situación é penosa.

Intervén o **Sr. Curbeira** para dicir finalmente que o voto do seu grupo vai ser abstención, polo pouco tempo que tiveron para ver o expediente.

Sen máis intervencións sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE OITO VOTOS A FAVOR (8)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (6), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Rosario Huertas Garabana, D. Isaac Alejandro García Otero, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D<sup>a</sup> Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (1), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D<sup>a</sup> Rocío Pena Pena, o **ACORDO seguinte**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES**, cuxo texto se transcribe como ANEXO.

**SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura de calquera documento derivado da aprobación do presente convenio.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.-

### ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.**

Santiago de Compostela,

### REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central s/n, Polígono de Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 143/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Doutra parte, o Concello de Pontedeume, con NIF P1507000F e domicilio na rúa Real, 13, 15600 Pontedeume, representado por Bernardo Fernández Piñeiro na súa condición de alcalde, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 21.1.b) e 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

### MANIFESTAN

I.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais"; "o patrimonio histórico - artístico".

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais, e de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/as propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar os expedientes iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e adecuada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no Diario Oficial de Galicia a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2025, mediante a Resolución da presidenta do IGVS do 20 de maio de 2025 e, en virtude de resolución do director xeral do IGVS do 29 de xullo de 2025, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

### CLÁUSULAS:

#### Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: "Reurbanización da avenida de Ferrol"

Orzamento total: 600.476,36 euros

Importe do financiamento: 600.476,36 euros

Prazo de reposición: 8 anos

#### Segunda. Obrigas das partes

O IGVS comprométese a:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- a) Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 600.476,36 euros a favor do concello asinante deste convenio.
- b) Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:

- a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.
- b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

**Anualidade 2026:** 75.059,54 €

**Anualidade 2027:** 75.059,54 €

**Anualidade 2028:** 75.059,54 €

**Anualidade 2029:** 75.059,54 €

**Anualidade 2030:** 75.059,54 €

**Anualidade 2031:** 75.059,54 €

**Anualidade 2032:** 75.059,54 €

**Anualidade 2033:** 75.059,58 €

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

A reposición das cantidades correspondentes a cada anualidade deberá realizarse antes do último día hábil do mes de setembro de cada ano.

c) A xustificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.

d) A incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes 2026-2033, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.

e) A permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o suposto de que o concello non repuxese as cantidades acordadas dentro dos prazos fixados na resolución ou incumprise calquera outra das obrigas previstas no convenio de financiamento.

f) A ingresar no citado número de conta a totalidade da cantidade percibida, así como os xuros legais correspondentes á disposición realizada, no suposto de resolución anticipada do convenio por incumprimento das súas obrigas.

g) A non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

Terceira. Disposición do importe con cargo ao Fondo de cooperación

A disposición de cantidades con cargo ao Fondo de cooperación efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta IBAN ES55 2080 0201 9031 1000 0076.

Cuarta. Amortización





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O concello poderá, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

As amortizacións non poderán ser por unha contía inferior a cincuenta mil euros (50.000 €), agás que o concello queira reintegrar anticipadamente a totalidade do importe da disposición e esta fose inferior á dita cantidade.

No suposto de amortizacións parciais, deberá comunicarllo previamente ao IGVS mediante a presentación do anexo III da resolución de convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación, cunha antelación mínima de quince días naturais e máxima de sesenta días, tamén naturais, á data na que se queira facer efectiva a amortización anticipada.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela na que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades que se aboarán en cada anualidade como consecuencia da amortización.

### Quinta. Xustificación das actuacións obxecto de financiamento

O cumprimento por parte do concello das finalidades obxecto do financiamento deberá acreditarse ante a Dirección Xeral do IGVS mediante a presentación por vía electrónica dun certificado do órgano competente do concello acreditativo da finalización das actuacións, da adquisición do inmovible obxecto de financiamento ou, de ser o caso, da elaboración do plan especial de protección polo equipo encargado da súa redacción. O prazo para presentar estes documentos será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da data de finalización do período de execución da actuación, da adquisición do inmovible ou da entrega do plan especial de protección ao concello.

Así mesmo, o concello deberá remitir electronicamente á Dirección Xeral do IGVS, con periodicidade semestral, ata o completo remate da actuación, un informe sobre o estado de execución das obras, a adquisición do inmovible, acompañados de fotografías, ou, de ser o caso, o estado de tramitación da elaboración do plan especial de protección, sen prexuízo de que o IGVS poida realizar as comprobacións que estime oportunas.

### Sexta. Obrigas e compromisos económicos

O IGVS achegará un importe de 600.476,36 euros, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2025:

| Órgano administrativo/entidade     | Aplicación orzamentaria | Importe          |
|------------------------------------|-------------------------|------------------|
| Instituto Galego da Vivenda e Solo | 11.81.451A.821.60       | 600.476,36 euros |

### Sétima. Comisión de seguimento





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes.

As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

- a) Efectuar un seguimento do grao de cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste convenio.
- b) Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirase, por petición de calquera das partes, cantas veces se estimen oportunas para o desenvolvemento das súas tarefas.

### Oitava. Prazo de execución

O prazo de execución deste convenio comezará o día da súa sinatura e rematará na data na que se produza a efectiva reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

### Novena. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- b) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.
- c) A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

### Décima. Datos persoais

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que foran postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na súa normativa de desenvolvemento.

### Décimo primeira. Réxime xurídico

O presente convenio ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, non solucionadas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso administrativa.

E en proba de conformidade, asinan este convenio por duplicado e para un único efecto, no lugar e data indicados.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Polo Concello de Pontedeume

María Martínez Allegue

Bernardo Fernández Piñeiro

### 5.- MOCIÓN PSOE: INSTANDO A ACEPTACIÓN POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DA CONDONACIÓN DE DÉBEDA PROPOSTA POLO GOBERNO DE ESPAÑA.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** , que da lectura á moción presentada.

**"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO, INSTANDO A ACEPTACIÓN POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA DA CONDONACIÓN DE DÉBEDA PROPOSTA POLO GOBERNO DE ESPAÑA.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O noso concello, como institución máis próxima á veciñanza, non pode quedar calado diante dunha decisión que marcará o futuro financeiro de Galicia durante décadas. O Goberno de España puxo enriba da mesa unha medida histórica: a condonación dunha parte importante da débeda das comunidades autónomas do réxime común.*

*A situación é clara e os feitos son irrefutables. Galicia é, obxectivamente, unha das comunidades máis beneficiadas pola proposta de condonación de débeda impulsada polo Executivo central. A medida suporía a asunción por parte do Estado de ata 4.010 millóns de euros de débeda, unha cifra moi relevante que representa o 33% da débeda total galega, actualmente superior aos 12.100 millóns.*

*Non falamos de cifras menores nin de beneficios abstractos: falamos da posibilidade de reducir nun terzo a débeda autonómica co Estado, de xerar un aforro estimado de arredor de 100 millóns de euros en xuros anuais durante a próxima década e de liberar así recursos para reforzar as políticas públicas fundamentais que demandan os galegos e galegas en sanidade, educación, dependencia, loita contra o lumes e servizos sociais, así como ao financiamento dos concellos.*

*Porén, e pese á contundencia destes datos, o Presidente da Xunta de Galicia optou por rexeitar de plano esta proposta, cualificándoa de "trampa fiscal" ou de "cesión ao independentismo catalán". Esta decisión non responde ao interese de Galicia, senón a unha*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*estratexia de confrontación partidista marcada pola dirección nacional do Partido Popular, que decidiu opoñerse a calquera medida que emane do Goberno de España, mesmo cando esa medida é positiva e beneficiosa para a nosa terra.*

*A contradición do señor Rueda é maiúscula. Abonda con lembrar que en 2023 o PP de Galicia reclamaba “medidas compensatorias” para a nosa comunidade cando se anunciou a condonación parcial da débeda de Cataluña. O que antes se reclamaba con vehemencia, hoxe rexeitase con desdén. Como pode xustificar o señor Rueda que o que antes consideraba necesario agora, cando é máis beneficioso para Galicia, se converta nunha suposta trampa?.*

*A explicación non está na coherencia política nin na defensa de Galicia, senón na submisión á estratexia nacional do seu partido. O señor Rueda preferiu aliñarse co “non a todo” de Feijoo antes que exercer como Presidente de todos os galegos. A negativa non responde a razóns técnicas nin económicas —porque o aforro de xuros e a redución de débeda son obxectivamente positivos—, senón a un cálculo político baseado no enfrontamento co Goberno de España. Galicia, por tanto, queda refén da confrontación partidista.*

*A actitude da Xunta evidenciouse ademais en múltiples plantóns nas reunións técnicas convocadas polo Ministerio de Facenda para explicar a medida. O 26 de febreiro de 2025, os conselleiros de Facenda das comunidades gobernadas polo PP abandonaron en bloque o Consello de Política Fiscal e Financeira no que se votaba a quita, impedindo así un debate sousegado e un exercicio de responsabilidade institucional. Posteriormente, o 26 de marzo de 2025, a delegación galega volveu abandonar unha reunión técnica aos cinco minutos de comezar, negándose sequer a escoitar os detalles da proposta e a discutir a súa aplicación concreta en Galicia. Estes desplantes, que poderían parecer simples xestos políticos, constitúen en realidade unha renuncia expresa a defender os intereses de Galicia nos espazos onde se toman as decisións que afectan ao noso futuro financeiro.*

*O discurso xustificativo do Goberno galego resulta ademais incoherente. Afirmar que Galicia “non ten un problema de débeda” senón de financiamento autonómico, e que por tanto rexeita a condonación mentres non se aborde unha reforma do sistema. Sen embargo, o certo é que Galicia arrastra unha débeda de máis de 12.100 millóns de euros, a maior parte xerada nos gobernos do PP. A quita permitiría reducir un terzo desa débeda e mellorar substancialmente a solvencia da comunidade. Afirmar que “non supón cartos constantes” é un exercicio de cinismo político: cada euro que deixamos de pagar en xuros ou amortizacións é un euro que pode destinarse a servizos públicos.*

*A contradición faise aínda máis evidente se atendemos á posición do PP respecto ao sistema de financiamento. O señor Rueda e o seu conselleiro de Facenda insisten en que a reforma do sistema é prioritaria, e nisto coincidimos todos. Galicia leva denunciando reiteradamente a infrafinanciación que padece desde 2009. Sen embargo, cando o Goberno de España convoca reunións para avanzar nun novo modelo, as comunidades gobernadas polo PP bloquean sistematicamente calquera avance. Así aconteceu tamén durante os sete anos de goberno de Mariano Rajoy, cando, pese a ter maioría absoluta, o PP foi incapaz de presentar un modelo alternativo.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*A esta incoherencia súmase a contradición interna do propio PP. Por un lado, reclaman un fondo de nivelación ou compensación para as comunidades peor financiadas, entre elas Galicia. Pero por outro, a Comunidade de Madrid, tamén gobernada polo PP, opúxose frontalmente a ese fondo, como quedou acreditado no Consello de Política Fiscal e Financeira do 22 de setembro de 2021. Como pode defenderse unha proposta que unha parte do propio partido rexeita con rotundidade? O resultado é a parálise e a incapacidade para construír consensos, coa cidadanía galega como principal damnificada.*

*En maio de 2025 saíu a consulta pública o anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as Comunidades Autónomas de réxime común. Con este texto normativo preténdese facer efectiva a quita de 83.252 millóns de euros de débeda ás Comunidades Autónomas. Durante o mes de setembro está previsto que se aprrobe a condonación de débeda autonómica.*

*Neste escenario, o Presidente da Xunta debe elixir entre Galicia ou Feijóo, entre a confrontación partidista ou o interese xeral da nosa terra. O rexeitamento á quita de débeda é unha irresponsabilidade absoluta que acabará pasándolle factura a Galicia. Cada euro que se condona é un euro que Galicia deixa de deber e que pode destinar a mellorar os seus servizos públicos.*

*Estamos ante un caso paradigmático de contradición e de anteposición de intereses partidistas sobre os intereses de Galicia. O señor Rueda reclamaba en 2023 o que hoxe rexeita en 2025. O PP pide a reforma do sistema de financiamento pero bloquea cada paso que se dá para avanzar nela. Pide un fondo de compensación pero non consegue que as súas propias comunidades o apoién. E mentres tanto, os galegos e galegas ven como se renuncia a unha medida que suporía reducir un terzo da débeda da Xunta, mellorar a solvencia financeira de Galicia, aforrar 100 millóns anuais en xuros e recuperar capacidade de autogoberno.*

*O Concello de Pontedeume non pode consentir que esta renuncia se materialice sen pronunciarse. A defensa do interese xeral obríganos a alzar a voz, a esixir que se acepte a proposta e a instar á Xunta a que abandone a senda da confrontación e do bloqueo. Galicia non pode perder esta oportunidade histórica por un cálculo electoralista. Galicia merece máis e mellor.*

**Por todo iso, o Grupo Socialista no Concello de Pontedeume somete a votación a seguinte MOCIÓN**

- 1. Instar á Xunta de Galicia a aceptar a proposta de condonación de débeda formulada polo Goberno de España, que suporía a asunción polo Estado de ata 4.010 millóns de euros de débeda da comunidade autónoma de Galicia, reducindo nun terzo o endebedamento autonómico e xerando un aforro estimado de 100 millóns de euros anuais en xuros.*
- 2. Expresar o seu rexeitamento á estratexia de confrontación adoptada polo Goberno galego en relación coa condonación da débeda, por antepoñer intereses partidistas aos intereses xerais de Galicia.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. Instar á Xunta de Galicia a abandonar plantexamentos de bloqueo no marco do Consello de Política Fiscal e Financeira e das comisións técnicas de financiamento autonómico, e a participar de maneira leal, construtiva e responsable na negociación do novo sistema de financiamento, garantindo a defensa dos intereses xerais de Galicia e evitando a práctica de ausencias ou negativas sistemáticas que debilitan a posición da nosa comunidade.

4. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta, á Consellería de Facenda e Administración Pública, á Presidencia do Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentarios con representación na Cámara".

A presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para dicir que votarán a favor da moción; pero quere indicar en que o acordo, que non se menciona na exposición de motivos, e un acordo adoptado entre o grupos do BNG e do PSOE a nivel estatal.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro do grupo municipal do PP**, para propoñer un novo punto, que sería o 4 e o actual 4 pasaría a ser o punto 5. Propoñen o seguinte texto: "*Instar ao Goberno de España a unha reforma do sistema de financiamento*".

O **Sr. Presidente** di que se engaden "*sistema de financiamento autonómico e local*" estaría máis completo. Indica que xa hai negociacións sobre este tema, pero que nas últimas convocatorias houbo comunidades que se negaron a ir polo tema do idioma a empregar na reunión, polo que propón engadir, a continuación do indicado "*e as Comunidades autónomas a asistir ás reunións que se convoquen para tal fin*".

O tres grupos políticos aceptan modificar a moción, polo que os puntos de acordo quedarían redactados do seguinte xeito:

1. *Instar á Xunta de Galicia a aceptar a proposta de condonación de débeda formulada polo Goberno de España, que suporía a asunción polo Estado de ata 4.010 millóns de euros de débeda da comunidade autónoma de Galicia, reducindo nun terzo o endebedamento autonómico e xerando un aforro estimado de 100 millóns de euros anuais en xuros.*
2. *Expresar o seu rexeitamento á estratexia de confrontación adoptada polo Goberno galego en relación coa condonación da débeda, por antepoñer intereses partidistas aos intereses xerais de Galicia.*
3. *Instar á Xunta de Galicia a abandonar plantexamentos de bloqueo no marco do Consello de Política Fiscal e Financeira e das comisións técnicas de financiamento autonómico, e a participar de maneira leal, construtiva e responsable na negociación*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*do novo sistema de financiamento, garantindo a defensa dos intereses xerais de Galicia e evitando a práctica de ausencias ou negativas sistemáticas que debilitan a posición da nosa comunidade.*

4. Instar ao Goberno de España a unha reforma do sistema de financiamento autonómico e local e as Comunidades autónomas a asistir ás reunións que se convoquen para tal fin.

5. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta, á Consellería de Facenda e Administración Pública, á Presidencia do Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentarios con representación na Cámara.

Sen máis intervencións sométese a votación a moción enmendada polos tres grupos políticos, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (6 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o ACORDO seguinte:

1. Instar á Xunta de Galicia a aceptar a proposta de condonación de débeda formulada polo Goberno de España, que suporía a asunción polo Estado de ata 4.010 millóns de euros de débeda da comunidade autónoma de Galicia, reducindo nun terzo o endebedamento autonómico e xerando un aforro estimado de 100 millóns de euros anuais en xuros.
2. Expresar o seu rexeitamento á estratexia de confrontación adoptada polo Goberno galego en relación coa condonación da débeda, por antepoñer intereses partidistas aos intereses xerais de Galicia.
3. Instar á Xunta de Galicia a abandonar plantexamentos de bloqueo no marco do Consello de Política Fiscal e Financeira e das comisións técnicas de financiamento autonómico, e a participar de maneira leal, construtiva e responsable na negociación do novo sistema de financiamento, garantindo a defensa dos intereses xerais de Galicia e evitando a práctica de ausencias ou negativas sistemáticas que debilitan a posición da nosa comunidade.
4. Instar ao Goberno de España a unha reforma do sistema de financiamento autonómico e local e as Comunidades autónomas a asistir ás reunións que se convoquen para tal fin.
5. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta, á Consellería de Facenda e Administración Pública, á Presidencia do Parlamento de Galicia e aos Grupos Parlamentarios con representación na Cámara.

### 6.- DAR CONTA DITAME RESOLUCIÓNS CONTRARIAS REPAROS EFECTUADOS, ANOMALÍAS EN INGRESOS E OMISIÓN DE FISCALIZACIÓN. CONTA XERAL 2024.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A secretaria da lectura á ditame da Comisión Especial de Contas de día 26.06.2025 da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### **"DITAME COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS"**

**SESIÓN:** Extraordinaria de día xoves 26 de xuño de 2025

**EXPDTE:** 2025/G012/000011

**2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2024 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUIR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2024**

Consta proposta da alcaldía, que se transcribe a continuación:

### ***"PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS DO PLENO DE TOMA DE RAZÓN***

***DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2024 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUIR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2024.***

(Expediente TDeC: 2025/X999/000150)

*Logo de ver o sinalado no artigo 218 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, co seguinte tenor literal:*

#### ***"Artigo 218 Informes sobre resolución de discrepancias***

*1. O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Devandito informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.*

*O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.*

*O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.*

*2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o Presidente da Entidade Local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3. O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local"

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do Informe da Intervención Municipal 146/2025 de "Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2024 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2024"

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**".

As concelleiras e concelleiros presentes no Pleno **TOMAN RAZÓN**.

### 7.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 499/2025 DE DÍA 27.08.2025 DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2026.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 499/2025 DE DÍA 27.08.2025 DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2026.**

Logo de ver a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro); e o informe da Intervención municipal 241/2025 de día 28.08.2025; dáse conta do ditado do Decreto da Alcaldía núm. 499/2025 de data 27.08.2025, do seguinte teor que se transcribe:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



### CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Descrición decreto: EXPEDIENTE DE LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2026.-  
EXPEDIENTE Nº 2025/X999/000238

**DON JOSÉ SIMOES COUCEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).**

Visto que a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), establece no seu artigo 15.1 a obriga de remitir anualmente información respecto das liñas fundamentais nas que se enmarcará a elaboración do orzamento do ano seguinte.

Visto que o artigo 5 da dita Orde establece a obriga de que a remisión da información antedita se realice por medios electrónicos e mediante sinatura electrónica a través do sistema que o Ministerio de Hacienda (MINHAP) habilite para o efecto.

Tendo en conta a remisión de información ao Ministerio dos marcos orzamentarios O 19/03/2025 para os anos 2026-2028; e que con data do 23/07/2025 enviouse a información relativa á execución do segundo trimestre do ano en curso, con avance da previsión de liquidación do ano 2025,

E sendo que a remisión de información sobre as liñas fundamentais do orzamento para o ano 2026 debe realizarse ata o 14/09/2025,

Visto que en aplicación do antedito quedaría como segue:

**Polo que se refire aos INGRESOS:**

Realízase unha previsión prudente do recollido nos marcos orzamentarios 2026-2028 para a liquidación do exercicio 2025, axustado coa información de execución trimestral correspondente ao segundo trimestre e comunicada ao Ministerio a través de páxina web da Oficina Virtual das entidades locais, así como coas modificacións de crédito que se teñen tramitado e/ou se pretenden tramitar ata fin de exercicio,

**Polo que se refire aos GASTOS:**

Polo que se refire á previsión de gastos, reitérase o sinalado nos marcos orzamentarios 2026-2028, axustado coa información trimestral correspondente ao segundo trimestre e comunicada ao Ministerio a través de páxina web da Oficina Virtual das entidades locais, así como coas modificacións de crédito que se teñen tramitado e/ou se pretenden tramitar ata fin de exercicio. Faise constar que a maior dotación do capítulo 1 vén determinada pola necesidade de orzamentar todos os postos incluídos na Relación de postos de traballo, aínda que estean vacantes e non vaian ser ofertados, se ben se adaptan ás previsións aos demais capítulos tendo en conta as modificacións que sofre o sobranse do dito capítulo 1.



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)





Ponte deume

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Ponte deume

### CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** – Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para o exercicio 2026 segundo o seguinte:

| INGRESOS                                               | Ano 2025<br>(estimación<br>DRN*) | % taxa<br>variación<br>2026/2025 | Ano 2026<br>(estimación<br>previsións<br>iniciais) |
|--------------------------------------------------------|----------------------------------|----------------------------------|----------------------------------------------------|
| Ingresos correntes. Derivados de evolución tendencial  | 7.952.220,93                     | 4,14                             | 8.281.500                                          |
| Ingresos de capital. Derivados de evolución tendencial | 745.000                          | -61,74                           | 285.000                                            |
| Ingresos financeiros                                   | 7.300                            | 36,99                            | 10.000                                             |
| <b>TOTAL</b>                                           | <b>8.704.520,93</b>              | <b>-1,47</b>                     | <b>8.576.500</b>                                   |

DRN\*: Dereitos recoñecidos netos

| INGRESOS CORRENTES                                                     | Ano 2025            | % taxa variación<br>2026/2025 | Ano 2026         |
|------------------------------------------------------------------------|---------------------|-------------------------------|------------------|
| Capítulo 1 y 2: Impuestos directos e indirectos                        | 2.770.720,93        | 11,16                         | 3.080.000        |
| Imposto sobre Bens Inmóbles                                            | 1.819.220,93        | 1,42                          | 1.845.000        |
| Imposto sobre Actividades Económicas                                   | 245.000             | 2,04                          | 250.000          |
| Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica                           | 423.000             | 0,47                          | 425.000          |
| Imposto sobre Incremento del Valor de los Terreos de Naturaleza Urbana | 183.500             | 14,44                         | 210.000          |
| Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras                       | 100.000             | 250                           | 350.000          |
| Capítulo 3: Taxas, Prezos públicos e outros ingresos                   | 1.750.000           | 0                             | 1.750.000        |
| Capítulo 4: Transferencias correntes                                   | 3.400.000           | 0,59                          | 3.420.000        |
| Participación en tributos do Estado                                    | 1.970.266,37        | 1                             | 1.990.000        |
| Resto de Transferencias correntes (resto Cap.4)                        | 1.429.733,63        | 0,02                          | 1.430.000        |
| Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais                                      | 31.500              | 0                             | 31.500           |
| <b>Total de Ingresos correntes</b>                                     | <b>7.952.220,93</b> | <b>4,14</b>                   | <b>8.281.500</b> |

| INGRESOS DE CAPITAL                     | Ano 2025      | % taxa variación<br>2026/2025 | Ano 2026       |
|-----------------------------------------|---------------|-------------------------------|----------------|
| Capítulo 6. Alleamento de investimentos | 0,00          | 0,00                          | 0,00           |
| Capítulo 7: Transferencias de capital   | 745.00        | -61,74                        | 285.000        |
| <b>Total de Ingresos de Capital</b>     | <b>745.00</b> | <b>-61,74</b>                 | <b>285.000</b> |



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 [www.pontedeume.gal](http://www.pontedeume.gal)



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



### CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| INGRESOS FINANCIEROS                         | Ano 2025     | % taxa variación<br>2026/2025 | Ano 2026      |
|----------------------------------------------|--------------|-------------------------------|---------------|
| Capítulo 8. Ingresos por activos financeiros | 7.300        | 36,99                         | 10.000        |
| Capítulo 9. Ingresos por pasivos financeiros | 0            | 0                             | 0             |
| <b>Total de Ingresos Financeiros</b>         | <b>7.300</b> | <b>36,99</b>                  | <b>10.000</b> |

| GASTOS                                               | Ano 2025            | % taxa<br>variación<br>2026/2025 | Ano 2026         |
|------------------------------------------------------|---------------------|----------------------------------|------------------|
| Gastos correntes. Derivados de evolución tendencial  | 7.827.500           | 4,63                             | 8.190.000        |
| Gastos de capital. Derivados de evolución tendencial | 1.270.000           | -70,47                           | 375.000          |
| Gastos financeiros                                   | 99.406,76           | -89,94                           | 10.000           |
| <b>TOTAL</b>                                         | <b>9.196.906,76</b> | <b>-6,76</b>                     | <b>8.575.000</b> |

| GASTOS CORRENTES                                | Ano 2025         | % taxa<br>variación<br>2026/2025 | Ano 2026         |
|-------------------------------------------------|------------------|----------------------------------|------------------|
| Capítulo 1: Gastos de persoal                   | 2.995.000        | 13,52                            | 3.400.000        |
| Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos | 4.300.000        | -1,16                            | 4.250.000        |
| Capítulo 3: Gastos financeiros                  | 12.500           | -20                              | 10.000           |
| Capítulo 4: Transferencias correntes            | 520.000          | 1,92                             | 530.000          |
| <b>Total de Gastos Correntes</b>                | <b>7.827.500</b> | <b>4,63</b>                      | <b>8.190.000</b> |
| GASTOS DE CAPITAL                               | Ano 2025         | % taxa<br>variación<br>2026/2025 | Ano 2026         |
| Capítulo 6. Invetimentos reais                  | 1.270.000        | -70,47                           | 375.000          |
| Capítulo 7. Transferencias de capital           | 0                | 0                                | 0                |
| <b>Total de Gastos Capital</b>                  | <b>795.0000</b>  | <b>-62,26</b>                    | <b>300.000</b>   |
| GASTOS FINANCIEROS                              | Ano 2025         | % taxa<br>variación<br>2026/2025 | Ano 2026         |
| C. 8. Activos financeiros                       | 5.600            | 78,57                            | 10.000           |
| C.9. Pasivos financeiros                        | 93.806,76        | -100                             | 0                |
| <b>Total de Gastos Financeiros</b>              | <b>99.406,76</b> | <b>-89,94</b>                    | <b>10.000</b>    |

Saldos, capacidade/necesidade de financiamento, débeda viva:



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 www.pontedeume.gal

Páxina 39 de 57



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES                                                                                                              | Ano 2025    | Ano 2026   |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|------------|
| Saldo de Operacións correntes                                                                                                           | 124.720,93  | 91.500     |
| - Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)                                                         | 124.720,93  | 91.500     |
| - Derivados de modificacións políticas (*)                                                                                              | 0           | 0          |
| Saldo de Operacións de capital                                                                                                          | -525.000    | -90.000    |
| - Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)                                                         | -525.000    | -90.000    |
| - Derivados de modificacións políticas (*)                                                                                              | 0,00        | 0,00       |
| Saldo de Operacións non financieras                                                                                                     | -400.279,07 | 1.500      |
| - Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)                                                         | -400.279,07 | 1.500      |
| - Derivados de modificacións políticas (*)                                                                                              | 0,00        | 0,00       |
| Saldo de Operacións financieras                                                                                                         | -92.106,76  | 0          |
| - Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)                                                         | -92.106,76  | 0          |
| - Derivados de modificacións políticas (*)                                                                                              | 0           | 0          |
| Saldo Operacións non financieras                                                                                                        | -400.279,07 | 1.500      |
| (+/-) Axustes para o cálculo de capacidade/ necesidade de financiación. SEC-10 (por conta 413, gastos pendentes de aplicar a orzamento) | 427.507,95  | 0          |
| Capacidade ou necesidade de financiación                                                                                                | 27.228,88   | 1.500      |
| Deuda viva a 31/12                                                                                                                      | 345.933,47  | 345.933,47 |
| - A corto prazo                                                                                                                         | 0           | 0          |
| - A longo prazo                                                                                                                         | 345.933,47  | 345.933,47 |
| Ratio de Débeda viva/ Ingresos Correntes                                                                                                | 0,04        | 0,04       |

**SEGUNDO.** - Dar conta aos Servizos Económicos para que a Intervención municipal remita os datos indicados no texto deste Decreto para dar cumprimento ao sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro.

**TERCEIRO.**- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde en función, D. José Simoes Couceiro, do que eu, Dª Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 - www.pontedeume.gal



RUA REAL, 13 – 15.600 PONTEDEUME (A CORUÑA)  
CIF P-1507000 F –Nº REELL 01150695  
TELÉFONO 981 43 30 54 – FAX 981 43 33 68 www.pontedeume.gal



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 8.- ASUNTOS DE URXENCIA.

Non se presentaron asuntos de urxencia.

### 9.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

A secretaria municipal indica que o partido municipal do PSOE presenta unha moción pola vía de urxencia, polo que debe ser ratificada a urxencia para o seu posterior debate.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para ler a moción que se transcribe a continuación:

**"Moción con motivo do Día Internacional de loita contra la explotación sexual.**

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O 23 de setembro cumpríranse 111 anos da aprobación da primeira lei no mundo contra a prostitución infantil (Arxentina). Por iso, a ONU escolleu esta data no ano 1999 para conmemorar o Día Internacional contra a Explotación Sexual e a Trata de Mulleres, Nenas e Nenos, lembrándonos que esta loita é universal e segue a ser urxente.*

*A trata con fins de explotación sexual é unha das violencias máis crueis contra os dereitos humanos. É a expresión máis extrema da desigualdade e da mercantilización dos corpos de mulleres e nenos, atenta contra a súa liberdade, a súa integridade e a súa dignidade. E interpélanos como sociedade. Lonxe de ser un problema afastado, segue a ser unha realidade que nos atravesa.*

*Os datos son demoledores. Segundo a UNODC, o 96% das vítimas de trata con fins de explotación sexual son mulleres e nenos, moitas delas menores. En España, a situación é especialmente grave: somos un dos países europeos onde máis mulleres son prostituídas. O 39% dos homes españois acudiron á prostitución algunha vez na súa vida, o dobre que a media europea. Esta demanda alimenta o negocio da trata e coloca o noso país como porta de entrada, destino e tránsito de vítimas, especialmente mulleres migrantes en situación de grande vulnerabilidade.*

*O Informe Global sobre Trata de Persoas de 2022 confirma que a explotación sexual segue a ser un dos principais fins da trata, cun 38,7% dos casos identificados. Das máis de 51.000 vítimas rexistradas no mundo, o 60% son mulleres e nenos, e delas, o 91% sofren explotación sexual. En España, o CITCO rexistrou no 2023 que o 97,6% das vítimas de trata sexual son mulleres e nenos.*

*Datos que nos deixan un titular dramático: a trata ten rostro de muller e de nena. Neste contexto, o Goberno de España impulsou o Anteproxecto de Lei Orgánica Integral contra a*





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Trata e a Explotación de Seres Humanos, que por primeira vez adopta unha perspectiva integral. Esta norma vai máis alá da resposta penal e aborda tamén a prevención, sensibilización, detección temperá e asistencia integral ás vítimas.*

*A tecnoloxía abriu novas vías para captar e controlar vítimas, especialmente menores, a través de redes sociais e plataformas dixitais. Isto esixe unha resposta legal adaptada aos novos escenarios dixitais, algo que non será doado pero no que non deixaremos de traballar para poñer en marcha.*

*A loita contra a trata require un enfoque integral, interseccional e sostido, que inclúa a cooperación internacional, a educación en igualdade e o fortalecemento dos marcos legais. Só así poderemos construír unha sociedade libre de explotación sexual, baseada no respecto, na xustiza e na igualdade.*

*A prostitución e a trata están intimamente ligadas. Sen demanda de prostitución, non existiría a trata, son dúas caras da mesma moeda. Por iso, débese traballar para abolir a prostitución, convencidos de que a liberdade e a igualdade das mulleres son incompatibles coa súa mercantilización.*

*Este 23 de setembro, renovamos o noso compromiso con todas as vítimas. Avogamos por un futuro no que ningunha muller, nena ou neno sexa tratado como mercadoría, e onde os seus dereitos e dignidade sexan plenamente respectados.*

*Por todo iso, o Grupo Socialista do Concello de Ponte deume presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal, os seguintes ACORDOS:*

- 1. Impulsar, no ámbito das competencias municipais/autonómicas, políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e á abolición da prostitución.*
- 2. Impulsar, no ámbito das competencias municipais/autonómicas, campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela.*

Logo da lectura, sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (6 PSOE, 2 BNG e 2 PP).

Toma a palabra don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG, para indicar que están de acordo coa moción presentada, pero indica que entende que é unha moción xenérica que o grupo municipal do PSOE presenta en todos os concellos; pero que neste caso, como aquí xa están a gobernar os acordos deberían ser máis concretos; e indica que habería que engadir un punto para trasladar esta moción á Xunta de Galicia para impulsar as políticas públicas que se indican no punto 1 de acordo da moción.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Toma a palabra o **Sr. Presidente** para dicir na propia moción o goberno municipal xa se compromete a impulsar políticas orientadas á esta loita; que non hai unha campaña do concello específica sobre este tema, pero que nas propias campañas de igualdade que o Concello fai, si se inclúe este tema. Indica que está de acordo con engadir un novo punto de traslado da moción á Xunta de Galicia.

Os grupos municipais acordan incluír un punto 3 na moción que queda redactado como se transcribe:

3. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Igualdade, ao Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentarios.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción enmendada quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (6 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

1. Impulsar, no ámbito das competencias municipais/autonómicas, políticas públicas orientadas á loita contra a explotación sexual e á abolición da prostitución.
2. Impulsar, no ámbito das competencias municipais/autonómicas, campañas de sensibilización orientadas a concienciar sobre as consecuencias da explotación sexual e a responsabilidade dos comportamentos individuais de quen acode a ela.
3. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, Consellería de Igualdade, ao Parlamento de Galicia e aos grupos parlamentarios.

### 10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DE PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### "PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

**DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA DITADAS NO PERÍODO DO 24 DE XULLO DO 2025 AO 18 DE SETEMBRO DE 2025 NA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE SETEMBRO DE 2025**

Expediente TEdC: 2025/G006/0000230

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **450/2025** de 24 de xullo ao **539/2025** de 18 de setembro de 2025, ambos os dous incluídos, os seguintes:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                                                                                                                   | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
| 2025/G003/000487 | AUTORIZACIÓN E XESTIÓN DE CERTIFICADOS DE REPRESENTANTE PARA O ACCESO A NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS E TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓNS | 00450/2025 | 24-07-2025<br>17:37 |
| 2025/G003/000478 | CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL                                                                                                                | 00451/2025 | 28-07-2025<br>11:29 |
| 2025/G003/000483 | CARTAS PAGO: REF 202579000389<br>EXPEDIENTE:<br>NOT/2025/79/000/090389                                                                                                   | 00452/2025 | 28-07-2025<br>11:31 |
| 2025/G003/000488 | ELABORACIÓN DE NÓMINAS-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XULLO 2025                                                                                                               | 00453/2025 | 28-07-2025<br>11:34 |
| 2025/G003/000486 | LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS XUÑO 2025.                                                                                                                       | 00454/2025 | 28-07-2025<br>12:57 |
| 2025/G003/000485 | ELABORACIÓN DE NÓMINAS-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XULLO 2025                                                                                                               | 00455/2025 | 28-07-2025<br>13:03 |
| 2025/G003/000481 | ELABORACIÓN DE NÓMINAS-INCIDENCIAS NÓMINA MES XULLO 2025                                                                                                                 | 00456/2025 | 28-07-2025<br>13:04 |
| 2025/G003/000490 | SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DÍA 31 DE XULLO DE 2025                                                                                                                     | 00457/2025 | 28-07-2025<br>14:01 |
| 2025/G003/000491 | SOLICITUDE DE INSCRICIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL RUEIRAS/RUEIROS EN PERÍODOS VACACIONAIS                                                                       | 00458/2025 | 28-07-2025<br>14:22 |
| 2025/G003/000493 | NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL POR AUSENCIA DA TITULAR.                                                                                                                | 00459/2025 | 30-07-2025<br>12:06 |
| 2025/G003/000497 | CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL. CONVOCATORIA APROL-RURAL 2025                                                                                                            | 00460/2025 | 30-07-2025<br>13:37 |
| 2025/G003/000492 | APROBACIÓN FACTURA Nº 25 438 DE ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., POR SERVIZO -ESTUDO INTEGRAL DA REDE VIARIA MUNICIPAL-. AGADER 2024.                                      | 00461/2025 | 31-07-2025<br>13:49 |
| 2025/G003/000499 | SOLICITUDE DO CONCELLO DE FENE PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI CON TAXISTAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME CON                                                           | 00462/2025 | 31-07-2025<br>14:00 |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                                                                                                                                                                    | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
|                  | MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO FELICIA POP FESTIVAL OS DÍAS 1 E 2 DE AGOSTO.                                                                                                                                                    |            |                     |
| 2025/G003/000495 | AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL                                                                                                                                                                                     | 00463/2025 | 05-08-2025<br>10:45 |
| 2025/G003/000504 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. MCLV                                                                                                                                        | 00464/2025 | 05-08-2025<br>10:45 |
| 2025/G003/000502 | PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA.                                                                                                                                                             | 00465/2025 | 05-08-2025<br>10:45 |
| 2025/G003/000501 | PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DE HORAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DE C.B.O. CON DNI NÚM. 76*****L                                                                                                               | 00466/2025 | 05-08-2025<br>10:45 |
| 2025/G003/000512 | DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 7 DE AGOSTO DE 2025                                                                                                                                | 00467/2025 | 06-08-2025<br>13:02 |
| 2025/G003/000500 | TESOURARÍA: LISTADO DE FACTURACIÓN DOS ABOADOS PERTENCENTES AO CONCELLO DE PONTEDEUME POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DE 2025.                | 00468/2025 | 06-08-2025<br>14:02 |
| 2025/G003/000505 | APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS: F/2025/11                                                                                                                                                                                   | 00469/2025 | 06-08-2025<br>14:02 |
| 2025/G003/000514 | DELEGACIÓN FUNCIÓN ALCALDÍA PRESIDENCIA DÍA 11 AO 26 AGOSTO AMBOS INCLUÍDOS                                                                                                                                               | 00470/2025 | 07-08-2025<br>14:27 |
| 2025/G003/000513 | TESOURARÍA: SOLICITA ANULACIÓN DE RECIBOS DE RECOLLIDA DE LIXO POR NON SER O TITULAR DA VIVENDA SITA EN RUA RIA DE ARES 5 BLº2 00 DEREITA.                                                                                | 00471/2025 | 08-08-2025<br>10:11 |
| 2025/G003/000516 | SOLICITUDE GENERAL A NOME DE SENES CIT, S.L.. SOLICITA: SE ESTABLEZAN E COMUNIQUEN CON URXENCIA OS SERVIZOS MÍNIMOS QUE SE CONSIDEREN IMPRESCINDIBLES. ADXÚNTESE AO EXPEDIENTE E ENVÍESE AOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS. | 00472/2025 | 11-08-2025<br>14:59 |
| 2025/G003/000503 | ELABORACIÓN DE NÓMINAS-                                                                                                                                                                                                   | 00473/2025 | 12-08-2025          |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                                                                                                                                         | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
|                  | ATRASOS XANEIRO-DECEMBRO 2024, 0,5% IPCA                                                                                                                                                       |            | 09:35               |
| 2025/G003/000515 | APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, MES DE XUÑO 2025.                                                                                     | 00474/2025 | 12-08-2025<br>09:36 |
| 2025/G003/000507 | NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL MSS OS DÍAS 18 E 19 DE AGOSTO DE 2025                                                                                                                      | 00475/2025 | 13-08-2025<br>12:00 |
| 2025/G003/000519 | SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN CASETA DE SOCORRISMO 2025                                                                                                                            | 00476/2025 | 13-08-2025<br>11:59 |
| 2025/G003/000521 | RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DECRETO RECOLLIDA LIXO RECURSO REPOSICIÓN ESTIMACIÓN CAMBIO TITULAR                                                                                             | 00477/2025 | 13-08-2025<br>10:53 |
| 2025/G003/000506 | CERTIFICADO DE NAVEGABILIDADE ANO 2025 EMBARCACIÓN UMM1                                                                                                                                        | 00478/2025 | 13-08-2025<br>10:52 |
| 2025/G003/000498 | SEGURIDADE E INSPECCIÓN MARÍTIMA - INSPECCIÓN, AUDITORÍAS Y CERTIFICADOS - SOLICITUDE ACTIVIDADE INSPECTORA INFORMES 2025 UMM1. CERTIFICADOS DE NAVEGABILIDADE E DE SEGURIDADE RADIOELÉCTRICA. | 00479/2025 | 13-08-2025<br>10:51 |
| 2025/G003/000520 | RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL DECRETO RECOLLIDA LIXO RECURSO REPOSICIÓN ESTIMACIÓN                                                                                                            | 00480/2025 | 13-08-2025<br>10:50 |
| 2025/G003/000523 | ACORDO DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTE SANCIONADOR EN MATERIA DE DESATENCIÓN A UN REQUIRIMENTO DA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA. CLAVE: DH.D15.105071 . PUNTO DE VERTIDO RÍO COVÉS.                    | 00481/2025 | 13-08-2025<br>14:18 |
| 2025/G003/000522 | RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES DO 01 DE ABRIL AO 30 DE XUÑO DO ANO 2024                                                                           | 00482/2025 | 13-08-2025<br>13:52 |
| 2025/G003/000524 | SOLICITUDE SUBVENCIÓN EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ESCOLA DE OMBRE                                                                                                                                 | 00483/2025 | 14-08-2025<br>13:38 |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                                                                                             | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
| 2025/G003/000527 | LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-MODELO 111 IRPF XULLO 2025                                                                                                 | 00484/2025 | 19-08-2025<br>09:15 |
| 2025/G003/000535 | SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 21 DE AGOSTO DE 2025                                                                             | 00485/2025 | 20-08-2025<br>13:23 |
| 2025/G003/000539 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS-NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL JLSV                                                                                     | 00486/2025 | 21-08-2025<br>09:28 |
| 2025/G003/000529 | TRAMITACIÓN CONVENIOS-CONVENIO CONCELLO DE ARES, SERVIZO DE URBANISMO.                                                                             | 00487/2025 | 21-08-2025<br>13:29 |
| 2025/G003/000538 | CONTRATO PARA O EXERCICIO DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE "APARCAMENTO EN SANTA MARÍA DE OMBRE PONTEDEUME" (EXPEDIENTE: 2024/C003/000002) | 00488/2025 | 21-08-2025<br>13:29 |
| 2025/G003/000531 | CONTRATO PARA O EXERCICIO DA DIRECCIÓN DE OBRA DE "APARCAMENTO EN SANTA MARÍA DE OMBRE PONTEDEUME" (EXPEDIENTE: 2024/C003/000002)                  | 00489/2025 | 21-08-2025<br>13:28 |
| 2025/G003/000537 | AMORTIZACIÓN DA DÉBEDA POS + ADICIONAL 3/2025                                                                                                      | 00490/2025 | 21-08-2025<br>14:11 |
| 2025/G003/000526 | DECRETO ADXUDICACIÓN OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "APARCAMENTO EN SANTA MARÍA DE OMBRE. PONTEDEUME"                                                  | 00491/2025 | 21-08-2025<br>14:10 |
| 2025/G003/000532 | APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, XULLO 2025.                                               | 00492/2025 | 21-08-2025<br>14:07 |
| 2025/G003/000452 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000035842                                                                                                | 00493/2025 | 21-08-2025<br>14:18 |
| 2025/G003/000340 | APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E Nº 2 DA OBRA -REPARACIÓN FILTRACIÓNS CUBERTAS CASA DO CONCELLO E CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES-. OBRAS MUNICIPAIS.   | 00494/2025 | 25-08-2025<br>12:48 |
| 2025/G003/000540 | ELABORACIÓN DE NÓMINAS-NOMINAS AGOSTO 2025                                                                                                         | 00495/2025 | 25-08-2025<br>18:50 |
| 2025/G003/000541 | ELABORACIÓN DE NÓMINAS-NOMINAS AGOSTO 2025                                                                                                         | 00496/2025 | 26-08-2025<br>14:26 |
| 2025/G003/000530 | LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-SEGUROS SOCIAIS XULLO 2025                                                                                                 | 00497/2025 | 26-08-2025<br>14:26 |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                                                                                                                       | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
| 2025/G003/000549 | DELEGACIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA MANDATO CORPORATIVO 2023-2027                                                                                                            | 00498/2025 | 26-08-2025<br>14:26 |
| 2025/G003/000550 | LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2026.-                                                                                                                                          | 00499/2025 | 27-08-2025<br>13:37 |
| 2025/G003/000554 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 9728/2025                                                                                                                               | 00500/2025 | 27-08-2025<br>13:33 |
| 2025/G003/000555 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 9729/2025                                                                                                                               | 00501/2025 | 27-08-2025<br>13:37 |
| 2025/G003/000553 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 9727/2025                                                                                                                               | 00502/2025 | 27-08-2025<br>14:44 |
| 2025/G003/000543 | PAGAMENTO DA TAXA PARA A TRAMITACIÓN DA AUTORIZACIÓN DE MODIFICACIÓN SUBSTANCIAL                                                                                             | 00503/2025 | 27-08-2025<br>14:44 |
| 2025/G003/000511 | CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-CONVOCATORIA APROL-RURAL 2025                                                                                                                | 00504/2025 | 27-08-2025<br>14:45 |
| 2025/G003/000510 | CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-PEL CONCELLOS 2025 (4 PEÓNS 6 MESES).                                                                                                        | 00505/2025 | 27-08-2025<br>14:45 |
| 2025/G003/000509 | CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSONAL-SALVAMENTO E SOCORRISMO 2025                                                                                                                 | 00506/2025 | 27-08-2025<br>14:45 |
| 2025/G003/000552 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000036004                                                                                                                          | 00507/2025 | 27-08-2025<br>14:46 |
| 2025/G003/000551 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000035919                                                                                                                          | 00508/2025 | 27-08-2025<br>14:47 |
| 2025/G003/000561 | SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO                                                                                                                                      | 00509/2025 | 29-08-2025<br>11:15 |
| 2025/G003/000533 | MODIFICACIÓNS PXOM: NÚCLEOS RURAIS                                                                                                                                           | 00510/2025 | 29-08-2025<br>13:51 |
| 2025/G003/000569 | PAGO DA ACHEGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR 2025        | 00511/2025 | 02-09-2025<br>09:44 |
| 2025/G003/000559 | SOLICITUDE XERAL A NOME DE FANK. SOLICITA: REDUCIÓN DE XORNADA DE TRABAJO EN UN 50% A PARTIR DEL DÍA 01 DE SETEMBRO DE 2025 CON MOTIVO DE CUIDADO DE FILLO MENOR DE 12 AÑOS. | 00512/2025 | 02-09-2025<br>09:45 |
| 2025/G003/000562 | SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE                                                                                                                                                  | 00513/2025 | 02-09-2025          |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                                                                                                                                 | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
|                  | TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - NIE X03*****F                                                                                                               |            | 09:45               |
| 2025/G003/000565 | ESTABLECEMENTO DOS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME DURANTE A FOLGA CONVOCADA POLA CIG PARA OS DÍAS 10,11,24 E 25 DE SETEMBRO DE 2025 | 00514/2025 | 02-09-2025<br>09:47 |
| 2025/G003/000568 | MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 22, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 6. ÁREA DE GASTO 1.-                                                                                                              | 00515/2025 | 02-09-2025<br>09:43 |
| 2025/G003/000528 | DECRETO APROBACIÓN PAGO CONCURSO DE CONTOS 2025                                                                                                                                        | 00516/2025 | 02-09-2025<br>19:17 |
| 2025/G003/000571 | SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2025/2026                                                    | 00517/2025 | 03-09-2025<br>13:04 |
| 2025/G003/000575 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000036201                                                                                                                                    | 00518/2025 | 03-09-2025<br>13:11 |
| 2025/G003/000574 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000036137                                                                                                                                    | 00519/2025 | 03-09-2025<br>13:18 |
| 2025/G003/000576 | EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000036264                                                                                                                                    | 00520/2025 | 03-09-2025<br>13:24 |
| 2025/G003/000580 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS-NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL MRV                                                                                                                           | 00521/2025 | 03-09-2025<br>13:59 |
| 2025/G003/000581 | SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 4 DE SETEMBRO DE 2025                                                                                                                | 00522/2025 | 03-09-2025<br>13:58 |
| 2025/G003/000578 | MODIFICACIÓN PXOM: NÚCLEOS RURALES                                                                                                                                                     | 00523/2025 | 03-09-2025<br>13:58 |
| 2025/G003/000573 | CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL                                                                                                                              | 00524/2025 | 04-09-2025<br>11:50 |
| 2025/G003/000560 | DECRETO APROBACIÓN BASES DA CONVOCATORIA SUBVENCIONES POR CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES DEPORTIVAS 2024-25                                                                      | 00525/2025 | 04-09-2025<br>12:38 |
| 2025/G003/000579 | SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL                                                                                              | 00526/2025 | 04-09-2025<br>12:38 |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                                                                                                                                                                                                                                       | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
|                  | MADRUGADORAS/MADRUGADORES<br>CURSO 2025/2026                                                                                                                                                                                                                                                 |            |                     |
| 2025/G003/000563 | RESOLUCIÓN PROVISIONAL DAS<br>SOLICITUDES PRESENTADAS Ó<br>ABEIRO DAS BASES REGULADORAS<br>DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS<br>FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE<br>MATERIAL ESCOLAR. CURSO<br>ESCOLAR 2025-2026, SEGUNDO<br>CICLO EDUCACIÓN INFANTIL,<br>PRIMARIA E ESO DO CONCELLO DE<br>PONTEDEUME. | 00527/2025 | 04-09-2025<br>14:44 |
| 2025/G003/000577 | DECRETO PAGO SANCIÓN<br>ADMINISTRATIVA PERAS 2023.<br>PORTOS DE GALICIA                                                                                                                                                                                                                      | 00528/2025 | 05-09-2025<br>14:50 |
| 2025/G003/000588 | RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/12-<br>AGACIC                                                                                                                                                                                                                                                    | 00529/2025 | 05-09-2025<br>14:46 |
| 2025/G003/000582 | TRAMITACIÓN DE DECRETOS-<br>NOMEAMENTO INTERVENTORA<br>ACCIDENTAL MBVV                                                                                                                                                                                                                       | 00530/2025 | 09-09-2025<br>13:08 |
| 2025/G003/000590 | NOMEAMENTO ACCIDENTAL DE<br>TESOURERÍA EN FAVOR DE NPS DO<br>16.09.2025 AO 19.09.2025.                                                                                                                                                                                                       | 00531/2025 | 15-09-2025<br>12:36 |
| 2025/G003/000592 | SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN<br>ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN<br>SERVIZO DE CONCILIACIÓN<br>MUNICIPAL<br>MADRUGADORAS/MADRUGADORES<br>CURSO 2025/2026                                                                                                                                           | 00532/2025 | 16-09-2025<br>13:16 |
| 2025/G003/000595 | NOMEAMENTO INTERVENTOR<br>ACCIDENTAL JLSV                                                                                                                                                                                                                                                    | 00533/2025 | 16-09-2025<br>14:13 |
| 2025/G003/000525 | SOLICITUDE SUBVENCIÓN PACTO<br>DE ESTADO 2024                                                                                                                                                                                                                                                | 00534/2025 | 17-09-2025<br>12:27 |
| 2025/G003/000593 | LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-<br>DECLARACIÓN IRPF AGOSTO 2025                                                                                                                                                                                                                                     | 00535/2025 | 17-09-2025<br>12:28 |
| 2025/G003/000603 | CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA<br>DA COMISIÓN INFORMATIVA DE<br>ASUNTOS ECONÓMICOS DE DÍA 22<br>DE SETEMBRO DE 2025                                                                                                                                                                           | 00536/2025 | 17-09-2025<br>13:56 |
| 2025/G003/000604 | CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA<br>DA COMISIÓN INFORMATIVA DE<br>ASUNTOS XERAIS DE PLENO DE DÍA<br>22 DE SETEMBRO DE 2025                                                                                                                                                                      | 00537/2025 | 17-09-2025<br>13:56 |
| 2025/G003/000606 | CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA<br>DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE                                                                                                                                                                                                                                | 00538/2025 | 17-09-2025<br>15:07 |





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| Nº expediente    | Asunto                                                                        | Nº Decreto | Data sinatura       |
|------------------|-------------------------------------------------------------------------------|------------|---------------------|
|                  | DÍA 18-09-2025                                                                |            |                     |
| 2025/G003/000607 | SOLICITUDE SUBVENCIÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL " CHALÉ ROSA" CURSO 2025-2026 | 00539/2025 | 18-09-2025<br>15:58 |

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 11.- ACTIVIDADES DE CONTROL DE PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

#### 11.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno de día 25.09.2025 as seguintes preguntas:

**Pregunta 1.- VILA DO LIBRO.** Cal foi o gasto total da segunda edición da Vila do Libro en Ponte deume? Cal foi a aportación do Concello?

**Resposta do goberno.-** O custo total da segunda edición de Vila do Libro foi de 47.000€, dos que o Concello asumiu en torno aos 30.000€.

**Pregunta 2.- VILA DO LIBRO.** Saben a que se debe a participación de María Fidalgo no acto inaugural da Vila do Libro? Quen realizou esta escollo de participantes? Concordan coa súa participación na mesma?

**Resposta do goberno.-** A persoa á que fan referencia non participou no acto inaugural, senón na primeira actividade programada para a Vila do Libro, que se realizou a continuación do acto.

A súa participación foi decidida pola representación da editorial Hércules Ediciones, dos propietarios da obra de Ramiro Fonte e pola dirección da Vila do Libro, debido á súa labor de crítica literaria e pola reseña desta obra de Ramiro Fonte que ela fixo na revista literaria Zenda ( Revista literaria de recoñecido prestixio e tirada nacional fundada por Arturo Pérez Reverte, Juan Eslava Galán e Javier Marías, entre outros , así como os escritores e membros da Real Academia Española Luis Mateo Díez e José María Merino ), pola impronta que a nivel nacional tivo esta reseña para difundir o traballo de Ramiro Fonte máis alá da nosa Comunidade Autónoma.

O Concello non intervéñen nas decisións sobre os ponentes, autores, editores, etc. que interveñen nas diferentes actividades programadas para a Vila do Libro. E en todo caso entendemos que a súas ideoloxías, como e lóxico, deberán quedar totalmente ao marxe deste evento no que participan pola súa relación co mundo da literatura, nas súas diferentes vertentes.

Cónstanos que entre todos os profesionais que participaron hainos de todo tipo de ideoloxías e condición, pero neste caso o que se valora por parte da dirección da Vila do Libro son os seus





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

coñecementos literarios, históricos, etc. e da aportación que a través dos mesmos poidan realizar a este evento.

A vila do libro, como ben quedou demostrado nas dúas edicións celebradas non vai de política senón de literatura e cultura, un lugar literario onde teñen cabida todas as voces sempre dentro do respecto e agardamos que así siga sendo

**Pregunta 3.- SERVIZO DE AXUDA Á DEPENDENCIA.** Temos coñecemento de que o cobro do servizo moitas veces sofre retrasos e hai meses que non se pasa a cobro. Despois, para regularizar a situación pásanse dous recibos no mesmo mes. Temos constancia de persoas usuarias que presentaron escritos no Concello para que non se lle pasen dous recibos no mesmo mes e sen pre-aviso. Cales son as medidas que se están a tomar para que esta situación se regularice e non haxa meses nos que non se pasen os recibos? Cales son as medidas para dar facilidades de pago a aquelas persoas que o precisen e/ou o soliciten?

**Resposta do goberno.-** Efectivamente, produciuse un atraso no cobro das cotas do Servizo de Axuda no Fogar por causas alleas ao Concello. Esta situación foi comunicada ás persoas usuarias, ás que se lles explicou que, para evitar un maior prexuízo, o cobro se realizaría agrupando dous meses cada vez ata poder regularizar a situación, en lugar de pasar todos os recibos pendentes dunha dunha soa vez.

Na actualidade o sistema de cobros xa está ao día, polo que se pasará un único recibo por mes e sempre a mes vencido. Así mesmo, aquelas persoas que por circunstancias particulares necesiten facilidades de pago poden solicitalo no Concello, onde se lles ofrecerán as opcións dispoñibles para adaptar o pago á súa situación

**Pregunta 4.- CONSELLO DA MEMORIA DEMOCRÁTICA.** En novembro do 2023 presentamos unha moción para a revisión de honras e distincións e a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática. Nesa moción instamos ao goberno local a exercer as súas competencias na eliminación da simbología franquista no marco da Lei de Memoria Democrática mediante o renomeamento das rúas que leven o nome de persoas vinculadas coa ditadura. Creouse en setembro do 2024 o Consello da Memoria Democrática, e en xaneiro deste ano dixerón que en febreiro se ian reunir para formalizar a constitución deste consello. En que situación se atopa isto na actualidade?

**Resposta do Goberno.-** Hai varias semanas que se contactou coa Asociación de Memoria Democrática de Ferrolterra, entidade que propuxo a este Concello a creación do consello, para establecer unha data de cara á organización do mesmo. A súa celebración terá lugar o día 30 de setembro.

Esta mesma reunión quedou adiada durante as datas estivais por vacacións e ausencia dalgúns dos seus membros.

**Pregunta 5.- PRAZA DE ESTACIONAMENTO MOBILIDADE REDUCIDA.** Os días de feirón son varias as prazas que fican inhabilitadas debido a instalación dos postos do feirón na contorna do Mercado Municipal, xerando dificultades para aquelas persoas con mobilidade reducida que se queiran achegar até o mercado. Ten pensado o goberno algunha medida para mellorar esta situación? Unha delas pode ser a habilitación de mais prazas de mobilidade reducida provisionais para os días de feirón o mais próximo posíbel do mercado.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Resposta do Goberno.- Tal e como se fixo durante as Festas das Peras esta previsto que durante os días de Feirón se habiliten 2 prazas a maiores nas inmediacións da Rúa San Miguel.

**Pregunta 6.- BAMBÁN XARDÍNS LOMBARDEIRO.** Un dos bambáns foi retirado, entendemos que por rotura, días despois instalouse un accesíbel para crianzas con mobilidade reducida, mais tamén foi retirado ao pouco tempo. Cal foi a razón deste cambio? Cando se ten pensado instalar de novo?

**Resposta do Goberno.-** A razón da súa retirada foi por unha rotura do ancoraxe ao chan da propia estrutura do xogo.

Esta semana procedeuse a reparación da mesma e esta mesma mañá xa quedou instalado.

**Pregunta 7.- BOCAS DE INCENDIO.** Queremos saber si despois das obras realizadas nas rúas Maestro Álvarez Vázquez, Río Eume, Club Firrete e Camiño Estreito foron repostas as tres bocas de rego que había anteriormente ou si está previsto repoñelas?

**Resposta do Goberno.-** Por parte deste Goberno non temos constancia da supresión de ningunha boca de incendio nas obras que citan. De feito, polo que se nos trasladou dende a empresa Viaqua, no Camiño Estreito non existían ese tipo de elementos e coas obras de humanización procedeuse á instalación de dúas. Na zona da praza Álvaro Vázquez penedo e rúa Río Eume, hai 3 e na rúa Club Firrete 1. Polo que pregamos nos concreten, na medida do posible, cales son as 3 bocas que fan referencia de cara a comprobar a información pola que preguntan.

**Pregunta 8. BIBLIOTECA.** Na biblioteca, na actualidade, traballa unha soa persoa en lugar das dúas que o estaban facendo e resulta imposible que poida realizar todo o traballo preciso porque practicamente todo o seu horario é de 1 atención ó público. Queremos saber si está prevista a provisión das dúas prazas que tiña asignadas a Biblioteca?

**Resposta do Goberno.-** O actual titular da praza de Auxiliar Administrativo de Biblioteca, D./D.a ( María Dolores Fraga Amigo), permanece en situación de vacacións e días de libre disposición, rematando o día 11 de novembro, e pasando con data de xubilación efectiva o 12 de novembro de 2025. Esta xubilación deixa a praza vacante de forma definitiva.

A ausencia do Bibliotecario/a-Arquiveiro/a, D./D.a(Natalia da Peña Calvo), a cal cesou voluntariamente o día 26 de Decembro 2024, e por orde do Concelleiro de Réximen Interno, o departamento de persoal acode á bolsa de substitución sen obter resultado polos candidatos, estando todos en situación de empregados noutras administracións Públicas.

Polo que estase a tramitar polo Departamento de Secretaría a convocatoria de emprego da praza de Bibliotecario/a-Arquiveiro/a.

A falta de persoal cualificado para estas funcións vitais podería levar á interrupción dos servizos, a perda de eficiencia e, en última instancia, a insatisfacción dos usuarios.

Ante a imposibilidade de cubrir a praza de forma inmediata polas canles ordinarias, propónse a contratación dun/a Auxiliar Administrativo de Biblioteca interino/a. Esta medida é necesaria e urxente para asegurar a continuidade do servizo ata que se complete o proceso para a cobertura da praza de carácter fixo, sendo conscientes de que non se pode cubrir a praza de auxiliar administrativo/a ata a data plena da xubilación do titular.

A praza de Auxiliar Administrativo, ao ser de carácter permanente, cubrirase de forma definitiva a través da oferta de emprego público do ano 2026. Este proceso levarase a cabo previa





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

negociación coas representacións sindicais e executarase o máis axiña posible, cumprindo rigorosamente coa lexislación vixente en materia de función pública.

A contratación dun/a auxiliar administrativo interino/a é unha acción necesaria e urxente para garantir o correcto funcionamento da biblioteca e cumprir coas expectativas dos usuarios. Esta contratación non só cubrirá a vacante xerada pola xubilación, senón que tamén mitigará o impacto da ausencia do bibliotecario/a-arquiveiro/a, servindo como unha medida temporal crucial ata que a praza sexa cuberta de forma definitiva mediante os procedementos legais establecidos.

**Pregunta 9.- ARQUIVO HISTÓRICO.** Por outra banda leva anos pendente o arranxo da zona da Biblioteca onde podían traballar todas as persoas, que así o solicitasen, con materiais do arquivo histórico. O material que se retirou de dito espazo está metido en caixas e colocado noutros locais da biblioteca, facendo aínda máis escaso o espazo dispoñíbel. Está prevista a realización desta obra?

**Resposta do Goberno.-** Sí. Actualmente estase a xestionar a mellor solución técnica con persoal da Dirección Xeral de Patrimonio, por tratarse este dun edificio cun alto nivel de protección.

### 11.2.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta os seguintes rogos para o pleno de día 25.09.2025

1.- Arranxen os bancos dos Xardíns de Lombardeiro.



### 11.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

O grupo municipal do PP presenta para o pleno de día 25.09.2025 as seguintes preguntas:

**Pregunta 1.-** Del presupuesto anual para compra de libros para la biblioteca municipal cuanto se dispone actualmente? ¿Qué libros fueron comprados estos últimos 6 meses y cuál fue el coste de cada uno?





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**Resposta do goberno.-** Anualmente orzáméntanse 10.000 euros para compra de libros de la biblioteca. En dito orzamento están incluídas as subvencións de Novedades Editoriais e Mellora de coleccións bibliográficas, subvencións da Xunta de Galicia. Este ano contamos, ademais, coa recepción do Premio María Moliner do Ministerio.

En todo caso, non todos os anos se gasta o mesmo, xa que depende das petición que teñamos por parte dos usuarios e usuarias, das propostas dos propios xestores da biblioteca ou de aquelas que se podan trasladar dende o Goberno local.

No presente ano, ese crédito dispoñible xa está esgotado tendo un desenvolvo total 11.869,35€, e, por poñer un exemplo, o pasado ano non se chegaron a gastar os 10.000€ orzamentados.

No listado adxunto pódese comprobar as diferentes facturas tramitadas por este concepto.

Este dato indícanos a boa saúde da que goza a lectura na nosa vila e a demanda cultural crecente ano a ano.

|             |            |                     |                     |                                             |                                                                                     |
|-------------|------------|---------------------|---------------------|---------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
| F/2025/894  | 31/03/2025 | 2025 26             | 31/03/2025          | 556,80 SANCHEZ PEREIRA JOSE                 | SUMINISTRO LIBROS BIBLIOTECA, MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS, D. ADX         |
| F/2025/895  | 31/03/2025 | 2025 27             | 31/03/2025          | 1.196,14 SANCHEZ PEREIRA JOSE               | LIBROS BIBLIOTECA MUNICIPAL, MELLORAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS                     |
| F/2025/1159 | 10/04/2025 | 2025 35             | 10/04/2025          | 1.034,94 SANCHEZ PEREIRA JOSE               | SUMINISTRO LIBROS MELLORA COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS                                 |
| F/2025/1624 | 26/05/2025 | N25 470             | 15/05/2025          | 2.870,00 HERCULES DE EDICIONES,S.L          | CRONICA GENERAL DE ESPANHA T.1, T.2, TUTOR-INFANTIL TM. 06, TM.07, TM.08, TM.09, TM |
| F/2025/1684 | 04/06/2025 | EF- 250136          | 29/05/2025          | 48,00 EDITORIAL GALAXIA, S.A                | SUBSCRIPCION GRIAL AÑO 2025                                                         |
| F/2025/1705 | 05/06/2025 | A 250227            | 05/06/2025          | 296,99 COMERCIAL MUÑOZ LIBROS, S.L          | SUMINISTO LIBROS BIBLIOTECA MUNICIPAL, MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS        |
| F/2025/1872 | 11/06/2025 | C 3720              | 10/06/2025          | 394,22 CENTRAL LIBRERIA FERROL, S.L         | SUMINISTRO LIBROS MELLORAS DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICA 2025                        |
| F/2025/1873 | 11/06/2025 | N25 469             | 15/05/2025          | 101,75 HERCULES DE EDICIONES,S.L            | SUMINISTRO LIBROS MELLORA COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS 2025                            |
| F/2025/1881 | 12/06/2025 | BNE 25070           | 12/06/2025          | 25,00 RINOCERONTE EDITORA, SLU              | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/1883 | 12/06/2025 | C25 23              | 12/06/2025          | 21,00 BAIJA EDICIONS, S.L                   | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/1887 | 12/06/2025 |                     | 24/02/15 12/06/2025 | 15,90 PASTASDEPEIXE EDITORA SL              | SUMINISTRO LIBRO ADQUISICIONS NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/1891 | 13/06/2025 | Face 25- 38         | 12/06/2025          | 16,00 BELAGUA EDICIONES Y COMUNICACION, S.L | SUMINISTRO LIBRO ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                    |
| F/2025/1906 | 16/06/2025 | 001 000962          | 11/06/2025          | 51,00 KALANDRAKA EDITORA, S.L               | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/1913 | 17/06/2025 | Emit. 440           | 17/06/2025          | 44,00 TOXOSOUTOS, S.L                       | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/1925 | 18/06/2025 | F25- 200            | 18/06/2025          | 16,00 EDICIONS EMBORA, S.L                  | SUMINISTRO LIBROS NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                               |
| F/2025/1934 | 19/06/2025 | 001 000981          | 16/06/2025          | 139,38 KALANDRAKA EDITORA, S.L              | SUMINISTRO LIBROS MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS 2025                        |
| F/2025/1936 | 19/06/2025 | A/250171            | 09/06/2025          | 37,00 NUESTROS MAYORES PUBLICACIONES, S.L   | SUSCRIPCION ANUAL AL PERIODICO ENTREMAYORES AÑO 2025                                |
| F/2025/1942 | 19/06/2025 | EF- 250178          | 19/06/2025          | 66,80 EDITORIAL GALAXIA, S.A                | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/1952 | 24/06/2025 | B1142025-pontedeume | 24/06/2025          | 18,00 CARLOS GONZALEZ MEJIDE                | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/1958 | 25/06/2025 | 2025059 2025059     | 16/06/2025          | 33,00 TECNICAS&GRAMAXE, S.L                 | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/1959 | 25/06/2025 | A 1889              | 24/06/2025          | 14,50 EDICIONS DO CUMIO, S.A                | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/1973 | 26/06/2025 | cd- 442-25          | 24/06/2025          | 51,00 CUARTO DE INVIERNO S. COOP. GALEGA    | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION DE NOVEDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/1996 | 30/06/2025 | Emit- 207           | 30/06/2025          | 15,00 ALEJANDRO TOBAR SALAZAR               | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/2011 | 01/07/2025 | F25 288             | 13/06/2025          | 91,40 PLANET 8 GROUP SL                     | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/2027 | 02/07/2025 | 25IF000160          | 01/07/2025          | 347,15 EDICIONS XERAIS GALICIA,S            | SUMINISTO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                    |
| F/2025/2046 | 02/07/2025 | 073/25              | 02/07/2025          | 17,00 IRMAS CARTONE, S.L                    | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/2169 | 09/07/2025 | A 1879              | 13/06/2025          | 55,95 EDICIONS DO CUMIO, S.A                | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/2176 | 09/07/2025 | A 212               | 27/06/2025          | 86,95 FOLLAS VOADORAS, S.L                  | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/2183 | 09/07/2025 | A 219               | 27/06/2025          | 18,00 FOLLAS VOADORAS, S.L                  | SUMINISTRO LIBRO ADQUISICIONS DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                |
| F/2025/2242 | 15/07/2025 | 2025 81             | 15/07/2025          | 149,50 SANCHEZ PEREIRA JOSE                 | SUMINISTRO LIBROS MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS 2025, D. ADX                |
| F/2025/2243 | 15/07/2025 | 2025 82             | 15/07/2025          | 869,11 SANCHEZ PEREIRA JOSE                 | SUMINISTRO LIBROS MELLORA DAS COLECCIONS BIBLIOGRAFICAS 2025                        |
| F/2025/2264 | 16/07/2025 | 25IF000183          | 15/07/2025          | 47,95 EDICIONS XERAIS GALICIA,S             | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/2265 | 16/07/2025 | EF- 192206          | 30/06/2025          | 71,59 EDITORIAL GALAXIA, S.A                | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/2350 | 23/07/2025 | Emit- 250151        | 11/06/2025          | 29,92 TRIQUETA VERDE, S.L.U                 | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |
| F/2025/2351 | 23/07/2025 | Emit- 250164        | 24/06/2025          | 45,41 TRIQUETA VERDE, S.L.U                 | SUMINISTRO LIBROS ADQUISICION NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO 2025                   |

11.869,35

**Pregunta 2.-** ¿Qué previsión hay de limpieza de sumideros antes de que lleguen las fuertes lluvias?

**Resposta do Goberno.-** Eses traballos xa deron comezo pola Avda. Saavedra Meneses días atrás e continuarán noutros puntos do casco ao longo dos vindeiros días.

Tras o cal achegárase o vehículo de Viaqua, adicado a tarefas de desentullo, para o cal xa se xestionou a súa presenza con persoal da empresa.

**Pregunta 3.-** ¿Cuando se van a reponer las piedras que separan la acera de la carretera en la AVD de La Coruña?





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



**Resposta do Goberno.-** As pedras ás que fan referencia foron danadas por un tractor o pasado día 16. Tanto o condutor coma o vehículo foron identificados e por parte da empresa propietaria do mesmo deuse traslado a súa compañía aseguradora para iniciar os tramites de peritaxe etc. Polo tanto, tan pronto como este rematada esa tramitación, procederase a súa reparación.

**Pregunta 4 .-** ¿Qué fecha se baraja para la renovación de la cubierta del torreón?

| NOVOS INVESTIMENTOS                                                                |                | INFRAESTRUTURAS |  |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------------|-----------------|--|
| Case dous millóns en obras por todo o municipio serán executados entre 2025 e 2026 |                |                 |  |
| Obras                                                                              | Importe obra   |                 |  |
| Pavimentación e renovación de servizos no Camiño da Valiño, Centroña               | 69.758,13 €    |                 |  |
| Aparcamiento en Boeira                                                             | 79.613,52 €    |                 |  |
| Mellora da capa de rodaxe da pista Covas-Figueirido, Nogueirosa                    | 97.676,80 €    |                 |  |
| 2ª fase da mellora da capa de rodaxe no Castro, Nogueirosa                         | 56.341,45 €    |                 |  |
| Rehabilitación do palco da música de Ponte deume                                   | 40.874,13 €    |                 |  |
| Mellora da capa de rodaxe no Camiño da Torre, Viar                                 | 48.620,00 €    |                 |  |
| Extensión da rede de abastecemento na Graña, Nogueirosa                            | 29.900,25 €    |                 |  |
| Agromento do Camiño en San Cosme, Nogueirosa                                       | 47.375,40 €    |                 |  |
| Mellora de pista en Requira e o seu acceso, Andrade                                | 30.830,16 €    |                 |  |
| Mellora da capa de rodaxe e acceso á carretera e á praia de Centroña               | 47.500,00 €    |                 |  |
| Mellora de acceso e aparcadoiro da Urbanización Orno                               | 48.350,00 €    |                 |  |
| Restauración da cuberta e rehabilitación integral do Torreón dos Andrade           | 864.555,67 €   |                 |  |
| Renovación da rede xeral de abastecemento na Avenida Ricardo Sánchez               | 126.827,77 €   |                 |  |
| 1ª fase de rehabilitación da piscina municipal de Ponte deume                      | 283.229,66 €   |                 |  |
| Reforma interior e mellora da accesibilidade do Centro Social de Vilar, Centroña   | 306.713,10 €   |                 |  |
| Pavimentación e renovación de servizos de Estreito a Graña, Nogueirosa             | 104.576,12 €   |                 |  |
|                                                                                    | 3.864.805,16 € |                 |  |



**Resposta do Goberno.-** Para a restauración da cuberta e rehabilitación integral do Torreón dos Andrade foi solicitada unha subvención ao Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana, destinada a conservación do patrimonio arquitectónico, séndonos notificada a súa concesión o pasado mes de xaneiro.

A día de hoxe estamos á espera que dende por parte do Ministerio se proceda a publicación da resolución definitiva que nos permita licitar a obra.  
Polas xestións que realizamos directamente co Ministerio contamos con que a mencionada resolución sexa publicada nas vindeiras semanas.

### 11.4.- ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.


O grupo municipal do PP presenta o seguinte rogo para o pleno de día 25.09.2025

1. Rogamos reparen las entradas de los aparcamientos de rúa Valeriano Villanueva y Rúa de Ares.





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



### REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e seis minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do alcalde en funcións *don José Simoes Couceiro* (delegación conferida por Decreto 656/2025 de 07-11-2025) e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN.

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 30.10.2025 segundo o borrador asinado o día 21.10.2025. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde en funcións *don José Simoes Couceiro* (delegación conferida por Decreto 656/2025 de 07-11-2025) e da secretaria, que dá fe.

